

Sae da túa terra!  
O Apóstolo Santiago espérate!

Carta Pastoral no Ano Santo Compostelán 2021  
Mons. Julián Barrio Barrio,  
Arcebispo de Santiago de Compostela

## Índice

### Introdución

1. SAE DA TÚA TERRA (cf. Xén 12,1)
  - 1.1 A promesa do Pai, un camiño de liberdade
  - 1.2 O valor da fe
  - 1.3 A Igrexa, pobo de Deus *en saída*
  - 1.4 Cara á cultura do espírito ante a cultura material
  
2. PONTE EN CAMIÑO!
  - 2.1 escoita: Un éxodo cara á interioridade con rostro
  - 2.2 Constrúe: A mensaxe dos pobres
  - 2.3 Confía: A esperanza probada do discípulo
  - 2.4 Testemuña: A caridade sabe ver
  
3. SANTIAGO ESPÉRATE
  - 3.1 Unha porta estreita
  - 3.2 Sandalias para unha esperanza
  - 3.3 Novo Pentecoste

Exhortación: “Sal na túa terra” (cf. Mt 5, 13 ss)

“Levantareime, poñereime en camiño onde está meu pai, e direille: Pai pequei contra o ceo e contra ti” (Lc 15, 18). “Mestre, estivemos faenando toda a noite, e non collemos nada; pero pola túa palabra, botarei as redes” (Lc 5, 5)

Queridos irmáns e irmás:

1. Anúnciovos con alegría a celebración do Ano Santo Compostelán 2021, Ano de graza e de perdón, a cantos desexades participar nas súas grazas xubilares. Neste terceiro Ano Santo Compostelán do terceiro milenio do cristianismo, o testemuño audaz do Apóstolo Santiago é unha oportunidade para redescubrir a vitalidade da fe e da misión, recibida no Bautismo. El faise altofalante para todos, e convócvos polos camiños da conversión a Deus, para que no voso hoxe a proclamación de Xesús en Nazaré sexa o impulso do voso peregrinar e do voso entusiasmo profético na misión cristiá: “O Espírito de Deus está sobre min porque me unxiu para anunciar aos pobres a Boa Nova, envioume a proclamar a liberación aos cativos e a vista aos cegos, para dar liberdade aos oprimidos e proclamar un ano de graza do Señor” (Lc 4,18-19).

2. Na catedral que acolle a tumba e garda a memoria do Apóstolo constatamos que a Tradición non é unha reliquia do pasado, senón a fonte inesgotable, que vai ofrecendo a auga fresca do Evanxeo de xeración en xeración. En cada unha destas, o Pai, no seu Fillo Xesucristo co Espírito Santo, vai constituíndo novos fillos e capacitándoos para ser partícipes do seu Reino e colaboradores da súa misión na Igrexa e no mundo. Para iso foron unxidos cantos recibistes o bautismo e estades chamados a acompañar os que esperan aínda recibilo.

3. Escribovos esta carta pastoral co corazón e a mente postos en vós, e tamén na nosa Igrexa local de Santiago de Compostela cara á que vos encamiñades. Redáctaa a miña memoria agradecida pola pegada de fe que deixaron na nosa diocese os incontables peregrinos que, desde todos os continentes, peregrinan á Casa do Apóstolo Santiago. A fe convértevos en cómplices do Señor e da súa causa, o Reino, e tamén como ao novo pescador de Galilea, en amigos do Señor. As pegadas de tantas persoas abriron durante séculos os camiños que, por Europa, *“crearon unha vía de cultura, de oración, de misericordia e conversión, que se plasmou en Igrexas e hospitais, albergues, pontes e*

*mosteiros. Deste xeito, España e Europa foron desenvolvendo unha fisionomía espiritual marcada de modo indeleble polo Evanxeo”<sup>1</sup>*

4. Os que peregrinades a Santiago non buscades ante todo unha ruta chea de encanto paisaxístico e de patrimonio histórico, senón o camiño da conversión cara a Deus e cara aos homes. A peregrinación é unha manifestación da piedade popular<sup>2</sup>. Camiñades coa Igrexa para ser interpelados pola Palabra de Deus e así ser sal, lévedo e luz para os demais. Queredes reavivar o voso bautismo e aplicar o oído ao corazón, onde somos o que somos. O que ides admirar ante o Pórtico da Gloria recoñecédelo, así, como voso, e contempládelo con alegría, porque viñestes ata Santiago para o encontro con Cristo resucitado. seguistes cos vosos propios pasos a pegada que deixaron outros, a fe da Igrexa. Chegando a Santiago tocades o alicerce do testemuño apostólico. A experiencia dos Apóstolos son as raíces da vosa fe e os seus froitos sodes vós mesmos.

5. A Casa do Apóstolo Santiago é casa de acollida de peregrinos, recoñecible na súa propia arquitectura concibida para o transitar a través dunha Tradición viva e dun Evanxeo compartido. Por iso, o voso peregrinar e o de centos de miles coma vós, prepara a conversión dos peregrinos do mañá. Así a vosa fe é froito da Tradición, e, simultaneamente, zume novo para as futuras xeracións que seguirán vindo ata Santiago. O final xeográfico da vosa peregrinación é a Casa de Santiago, pero a vosa meta é a liberdade do voso corazón, a liberdade dos fillos de Deus á que Deus Pai vos chama. Anímovos a que na peregrinación os vosos ollos estean sempre fixos nesa meta, facendo da vosa peregrinación un camiño de transformación da mente e do corazón.

6. A todos vos acollo en nome desta Igrexa diocesana. É unha gran responsabilidade, pero síntome parte dunha gran familia, dun pobo incontable e universal que é a Igrexa. Tamén animo os meus diocesanos a fin de que vivan tamén a chamada á conversión e se poñan en marcha cara a Cristo para abrazarvos como irmáns desexándovos a paz. Se estas liñas vos conducen por

---

<sup>1</sup> BIEITO XVI, *Discurso en Santiago de Compostela*, novembro de 2010.

<sup>2</sup> Na audiencia xeral do 15 de xuño san Paulo VI dicía: “*Convén dicir que a manifestación exterior do sentimento relixioso non só é un dereito, senón un deber, en virtude da propia natureza do home que recibe dos signos exteriores un estímulo para a súa actividade interior e exprésaa en signos exteriores, concedéndolle así todo o seu significado e o seu valor social... Polo tanto, a exterioridade relixiosa, cando non é superstición nin un fin en si mesma, serve por así dicir de roupaxe ás cousas divinas, facéndoas accesibles á nosa facultade cognoscitiva. Permítenos dalgunha maneira presentar á Maxestade do ceo o tributo dunha ofrenda terreal*”.

quen é o Camiño, Cristo, valédevos delas. Non me dirixo unicamente aos que emprendestes ou iniciaredes o camiño de Santiago, senón a todos os que vindes a esta cidade atraídos polo magnetismo que o Apóstolo suscita. Non quixese facer máis pesadas as vosas mochilas ou equipaxes, senón máis decididos e lixeiros os vosos pasos. Oxalá vos leven a atoparvos con quen vos chamou a saír da vosa terra, e da vosa casa. Estou seguro de que a liberdade, atenta ao rumoreo da conciencia, iravos guiando ata Cristo. Disto estou convencido: é a propia meta cara á que vos encamiñades, a que vos sae ao paso. El é o voso Camiño, a vosa Verdade e a vosa Vida.

7. A nosa Catedral abre as súas portas de par en par para que a Casa do “Señor” Santiago sexa a vosa e para que, grazas a vós, siga facéndose máis católica, máis universal e máis acolledora. O Amigo do Señor, cos brazos abertos e co sorriso no seu rostro, estavos esperando.

8. Quixese deixar inconclusa esta carta pastoral ao anunciarvos este ano Santo, para que sexades vós, peregrinos de todo o mundo, os que a vaiades completando coa tinta da fe, e co voso testemuño cristián. Atrévome a facer propio o sentir do Apóstolo Paulo: *“É evidente que sodes carta de Cristo, redactada polo noso ministerio, escrita non con tinta, senón co Espírito de Deus vivo; non en táboas de pedra, senón nas táboas de corazóns de carne”* (2 Cor 3,

3). Segundo a vosa condición ou relixiosidade rezo por vós e felicítovos. A *Porta Santa* da misericordia e do perdón ábrese este ano Santo na nosa Catedral para que, cando atravesedes o seu limiar, vos transformedes nunha das súas pedras vivas ou, talvez, nalgunha daquelas estrelas refulxentes que, mirando o firmamento, intentou contar Abrahán cando Deus o chamou a saír da súa terra. A vivir todo isto, invito con esperanza a todos os peregrinos no Ano Santo Compostelán 2021.

## 1. SAE DA TÚA TERRA (cf. Xén 12, 1)

### 1.1 A promesa do Pai, un camiño de liberdade

9. Tal vez vos sorprenda, pero a vosa peregrinación comeza hai uns catro mil anos. Mantendes vivo o éxodo dun ancián pastor a quen a promesa de Deus lle espertou a esperanza. Esa promesa de futuro e de vida que acolleu Abrahán, sodes vós mesmos, peregrinos. El comezou a súa marcha porque Deus o chamou. El chamouno para todos os que peregrinades neste Ano Santo, e para toda a súa descendencia, que é hoxe a Igrexa, *pobo de Deus en peregrinación*.

10. Séculos máis tarde, xunto ao mar de Galilea, un mozo mariñeiro chamado *Santiago*, escoitando a chamada de Xesús e sentindo a súa mirada, deixou as redes do pasado, converteuse en discípulo e, como aquel ancián patriarca, tamén se puxo en camiño seguindo o Señor. Aquel ancián, Abrahán, é para os peregrinos de hoxe a orixe do seu éxodo, e este novo Apóstolo, encontro na vosa peregrinación, é o testemuño da *liberdade dos fillos de Deus*.

11. Nos motivos que vos impulsan a vir venerar a tumba do apóstolo Santiago, talvez individuais na súa superficie, descífrase a historia colectiva dunha gran familia, tan numerosa *“como as estrelas do ceo e como a area da praia”* (Xén 22, 17). Ao peregrinar, recoñecedes que sodes moito máis que individuos con sentimentos relixiosos; descubrirdes que o Pai vos atrae para serdes protagonistas dunha Tradición Viva para unha misión: evanxelizarse.

12. Aquel día Abrahán emprendeu o seu éxodo para que vós poidades hoxe realizar a vosa peregrinación. Deus abriulle o oído e iso púxoo en marcha: *“Sae da túa terra, da túa patria, e da casa de teu pai, cara á terra que che mostrarei (Xén 12,1). “A fe está vinculada á escoita. Abrahán non ve a Deus, pero oe a súa voz”*<sup>3</sup>. Así comezou a marcha cara á liberdade para toda a súa descendencia. Hoxe vós iniciades este éxodo para que tamén outros moitos poidan escoitar a voz que os chama á liberdade dos fillos.

13. A súa fe é agora para vós o voso caxato. A súa confianza na promesa racha o voso hoxe para que se abra en vós e nos demais o futuro que ofrece o Fillo, Xesucristo. Abrahán deixou atrás as súas seguridades e inaugurou a historia que desemboca nunha descendencia nova nada da escoita que dá a liberdade. O premio que se lle prometía a Abrahán non era, xa que

---

<sup>3</sup>FRANCISCO, *Lumen fidei*, 8.

logo, algo que o enriquecería a el só e á súa liñaxe, senón á descendencia universal, que é a Igrexa. Do mesmo xeito, a vosa recompensa ao chegar a Santiago non vos enriquecerá só a vós, senón a todos para os que fostes chamados.

14. A descendencia de Abrahán acabaría sendo, finalmente, o Fillo (cf. Mt.1, 1), isto é, Deus na historia de todos os homes, e non só no prometido liñaxe de xeracións. Abrahán é o pai da fe, porque foi o primeiro en acoller a Deus e, por iso, o seu premio, aínda que saudado de lonxe, é Deus na compañía de todos os crentes: *“mentres esperaba a cidade de sólidos alicerces cuxo arquitecto e construtor ía ser Deus”* (Heb 11, 10), e da que vós formades parte. Como vedes, o voso anhelo é persoal e íntimo, cos matices propios da vosa biografía, pero nados dunha comunidade histórica e dun pobo en saída, a Igrexa. Non peregrinades só para vós, nin podeades por vós mesmos percorrer o camiño e chegar ata a meta.

15. O Deus de Abrahán chamou tamén a Moisés desde a silveira ardente para liberar o seu pobo da escravitude. O pobo que escoita a súa voz faise libre, e ten a experiencia de que El chama, guía e acompaña. A Palabra expresouse na voz e fíxose Carne no Fillo para que todos vivamos o sentido da nosa vida facéndonos fillos de Deus. El libéranos da escravitude do noso pecado e ponnos en camiño cara á liberdade dos fillos de Deus. Cristo é onte, hoxe e sempre quen dá plenitude ao noso futuro.

16. Na vosa peregrinación transitades por un Camiño Vivo. Non vos limitades a un costume popular; tampouco vos move un afán de perfección para vós mesmos, sabendo que *non se comeza a ser cristián por unha decisión ética ou unha grande idea, senón polo encontro cun acontecemento, cunha Persoa, que dá un novo horizonte á vida e, con iso, unha orientación decisiva*<sup>4</sup>. Vós, quen queira que sexades, se vos puxestes en camiño é porque antes xa presentistes un encontro e unha chamada. *“Ti non me tiveses buscado, se eu non te tivese atopado”*<sup>5</sup>, pensaba santo Agostiño. Non vos parece un auténtico milagre que puidédes advertir esa chamada no medio das distraccións diarias? Esa chamada ponvos en marcha, e sácavos da proximidade das vosas experiencias rutineiras. Empezades camiñando confiados, pero sen aínda poder prever por onde chegaredes. O voso destino está na cidade de Santiago, pero farédelo a través do pasadizo dunha conversión que non podeades predicir nin anticipar. Esta

<sup>4</sup> BIEITO XVI, *Deus charitas est*, 1. FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 7.

<sup>5</sup> SANTO AGOSTIÑO, *Confesiões*, Lib. X, cap. XVIII e XXIX.

conversión vaivos guiando ata o Inesperado: *“A fe require renunciar á posesión inmediata que parece ofrecer a visión, é unha invitación a abrirse á fonte da luz, respectando o misterio propio dun Rostro que quere revelarse”*<sup>6</sup>.

17. Quen se atopa con ese Rostro non pode permanecer con vida: cf. Ex 33, 20, morre ao seu egoísmo, a si mesmo, para recibir del unha vida nova, non só para si mesmo, senón tamén para os demais. Camiñades para un encontro con Deus, cos demais e convosco mesmos. Peregrinades para poder escoitar por vós mesmos: *“como sodes fillos, Deus enviou aos vosos corazóns o Espírito de seu Fillo que clama: Abbá, Pai! Así que xa non es escravo, senón fillo; e se es fillo, es tamén herdeiro por vontade de Deus”* (Gál 4, 6-7). Así farédesvos copartícipes da misión liberadora de Xesús, para que outros alcancen esa liberdade á que ti fuches chamado.

## 1.2. O valor da fe

18. *“As tres virtudes teoloxais expresan a nova vida que Cristo nos regalou ou, o que é o mesmo, o xeito fresco, novidoso e ata transgresor de relacionarnos con Deus e coa realidade enteira... A fe ten por obxecto recoñecer a Deus mesmo como fundamento de toda a realidade: a súa existencia, os seus actos salvíficos na historia, a súa compañía fiel*<sup>7</sup>. É luz para a liberdade. Non evita que sexades vós quen teñades que dar os pasos e percorrer o camiño. Non é ningún atallo. Ao contrario, ela esperta liberdade e a conciencia, non as suplanta; tampouco evita as dúbidas que xorden en todas as túas encrucilladas. Ela comprométevos a que asumades, malia as contradicións, a cruz que implica a vosa realidade concreta (Cf. Mc 8, 34). Iso si, non cravados nela como un destino fatal ante o que resignarse, nin tampouco asumida cun ricto de amargura, nin á forza, senón entregándovos libremente, como o fixo Xesús. Por iso, a fe empúxavos á aventura máis arriscada da vida: facela frutificar alí onde estades e nas condicións dadas. Con todo, na cultura do benestar que temos que ir construíndo, o escrupuloso celo por cumprir estrita e unicamente coa nosa responsabilidade legal e só con ela, retráenos ás veces de accións valentes e xenerosas polo ben dos demais como son os voluntariados de todo tipo, perdendo así a ocasión de entender o noso traballo ou profesión como servizo aos outros.

---

<sup>6</sup> FRANCISCO, *Lumen fidei*, 13.

<sup>7</sup> G. L. MÜLLER, *Informe sobre a esperanza*, BAC, Madrid 2016, 5.



19. Non é a solución ás preguntas que nós nos facemos, é a pregunta que Deus nos fai a nós. Nada ten que ver coas seguridades que ofrecen os esquemas claros e distintos que sobrevoan a complexidade da vida<sup>8</sup>. Faivos entrar nun camiño que non trazastes vós. Recordade: Abrahán, pola fe, púxose en camiño *sen saber onde ía* (cf. Heb 12). Ese camiño ofrécevolos quen vos chama a ser fillos: queredes percorrelo? Que o medo non amarre a vosa liberdade! A vosa liberdade non está na vosa autoafirmación, senón cara a adiante, na chamada que Deus vos ofrece. Farédela vosa se a seguides; para recibir esa liberdade poñédevos en camiño, apoiádevos na Palabra feita carne, Cristo. Non deixaredes de ser escravos sen deixar a terra das vosas seguridades e sen correr o risco de perder o equilibrio, como o neno que aprende a andar. A fe é unha certeza que se madura no risco, na adversidade e na incerteza do que segue non a súa propia chamada, senón a voz de Deus. Non é un cálculo pío. *“A luz da fe non disipa as nosas tebras, senón que, como unha lámpada, guía os nosos pasos na noite, e iso abonda para camiñar”*<sup>9</sup>.

20. Un día nacemos grazas ao amor dos nosos pais. Nunca poderemos agradecer o suficiente ter nado. Pero, ademais, para chegar a ser cristián, precísase dun novo nacemento. Do mesmo xeito que o primeiro, tamén é recibido e tamén nace do amor. O primeiro nacemento é un parto natural e espontáneo. Pero o segundo, é o parto procreado pola liberdade que Deus esperta, grazas ao don do Bautismo. *“No noso primeiro nacemento fomos procreados sen ter coñecemento e segundo a necesidade [...] Pero para non permanecer como fillos da necesidade ou da ignorancia, senón da elección e o coñecemento [...] invócase sobre a auga o nome de Deus Pai e Señor do universo”*<sup>10</sup>. Neste segundo nacemento realízase un auténtico milagre; o milagre da transformación pola que imos saíndo de nós mesmos para facernos irmáns e discípulos de Cristo: *“Se queres saber como se realizan estas cousas, pregunta á graza, non ao saber humano; pregunta ao desexo, non ao entendemento; pregunta ao xemido expresado na oración, non ao estudo e a lectura; pregunta ao Esposo*

---

<sup>8</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 41: *“Cando alguén ten respostas a todas as preguntas, demostra que non está nun san camiño e é posible que sexa un falso profeta que usa a relixión en beneficio propio, ao servizo das súas elucubracións psicolóxicas e mentais. Deus supéranos infinitamente e non somos nós os que decidimos en que circunstancia histórica encontralo, xa que non depende de nós determinar o tempo e o lugar do encontro. Quen o quere todo claro e seguro pretende dominar a transcendencia de Deus”*.

<sup>9</sup> FRANCISCO, *Lumen fidei*, 57.

<sup>10</sup> SAN XUSTINO, *Apoloxía I*, 61.

*non ao Mestre; pregunta a Deus, non ao home; pregunta á escuridade, non á claridade; non á luz senón ao lume que abrasa totalmente. Ese lume é Deus*<sup>11</sup>.

21. Este novo parto, máis custoso que o natural, coróase co nacemento do cristián adulto. Cando isto se produce, ao mundo naceulle un irmán, *o home novo*, libre para darse aos demais. Ese novo parto tamén nace do amor, pero do amor polos demais. É Deus quen o posibilita empuxando a liberdade *cara a fóra*, cara aos rostros que o mundo esquece. Nese crecemento, que é o camiño do discípulo que segue a Cristo, a fe vai dando luz para que un día cheguemos a nacer plenamente a nós mesmos: *“Agora vemos como nun espello, confusamente, entón veremos cara a cara. O meu coñecer é agora limitado; entón coñecerei como fun coñecido por Deus”* (1Cor 13, 12); é dicir, amaremos os demais como somos amados. Ese día por fin naceríamos.

22. Tamén a Igrexa, o pobo de Deus ao que pertencemos, nace sen cesar grazas a ese parto da fe. Ela naceu para a misión, non para si mesma, coma se ela fose un fin de si mesma, senón para facer chegar a todos a Boa Nova do Evanxeo. Tivo que saír do seu encerro e pasou de oír os seus propios ecos a escoitar a Palabra de Deus, deixándose encher do lume do Espírito (cf. Lc 24, 36; Feit 2). Faise peregrina, compartindo o camiño dunha humanidade que tamén necesita escoitar esa Palabra Resucitada para ser libre, porque sofre a inxustiza e o pecado. Na Igrexa, grazas ao sopro do Espírito, o Reino de Deus está chegando. Ela está coma nós en conversión cara a Cristo e os homes<sup>12</sup>.

23. A fe compromete todo o noso ser porque é, en realidade, Deus dándose a nós. O día do noso bautismo El díxonos un si incondicional para que nós respondamos con todas as nosas forzas e enerxías ao don recibido e á misión encomendada. Deus non reparte simples dons: dáse a si mesmo, e para todos. Nin Abrahán, nin Moisés, nin a Nai do Señor recibiron a fe para eles mesmos, senón para o pobo da alianza, e para que ese pobo fose a semente doutra humanidade, reconciliada con el no amor.

---

<sup>11</sup> BOAVENTURA, *Itinerarium mentis in Deum*, 7.

<sup>12</sup> XOÁN PAULO II, *Tertio millennio adveniente*, 33: *“A Igrexa non pode atravesar o limiar do novo milenio sen animar os seus fillos a purificarse, no arrepentimento, de erros, infidelidades, incoherencias e lentitudes. Recoñecer os fracasos de onte é un acto de lealdade e de valentía que nos axuda a reforzar a nosa fe, facéndonos capaces e dispostos para afrontar as tentacións e as dificultades de hoxe”*.

24. Esperta todas as enerxías e non só a superficie da mente, por iso, *“perder a fe é perder moito máis que unha certeza intelectual; é perder o último apoio de toda unha experiencia, porque o xusto vivirá pola fe”* (cf. Gál 3, 11). Ese crente desde os pés ata a cabeza. A fe é de carne e óso! Ela non é un don especial a cada individuo para que poida crer unha serie de verdades, senón para todo un cambio de mentalidade e actitude, para unha conversión. É a chamada de Deus á nosa porta e esixe da nosa parte todo o valor para abri-la. É a decisión con maiúsculas da nosa vida. Con ela, o Deus omnipotente, facéndose máis débil que os seus propios fillos, permanece á espera de ser acollido. Abrir esa porta supón a coraxe de cortar as amarras que nos atan ao propio eu, é dicir, unha circuncisión do corazón, da mente, da vontade (cf. Rm 2, 29).

25. Cantos peregrinades, saístes da vosa terra, e como Abrahán, emprendestes un éxodo persoal, un auténtico éxtase, un deixar atrás o voso eu para ir cara ao ti de Deus e o ti do irmán. Que é senón o amor, máis que saír dun mesmo para facer do estraño o centro? *“O amor é éxtase, non no sentido de arrebatamento momentáneo, senón como camiño permanente, como un saír do eu pechado en si mesmo cara á súa liberación na entrega de si, e, precisamente, deste modo, cara ao reencontro consigo mesmo, máis aínda cara ao descubrimento de Deus”*<sup>13</sup>.

26. Precisamente, a non poucos vos fai peregrinar ata Santiago a lembranza de alguén querido cuxo paso pola vosa historia persoal deixou en vós unha nostalxia de Deus. Comentades que emprendestes o camiño por eles, coma se fose unha promesa que lles debíades. Isto é algo que só se pode comprender desde a lóxica que vos une aos que foron un don para vós e desde o tesouro que deixaron na vosa memoria. Para quen é alleo a esta experiencia isto parece absurdo ou innecesario; pero son *as razóns do corazón que a razón non entende*. Con todo, para vós permanecía incompleta unha promesa e sentídesvos interiormente obrigados a cumprir o que o voso ser querido ou amigo quixo facer talvez para vós. É entón cando ao longo do camiño, nalgún momento de silencio, ou ata na contemplación da natureza, Deus vos fai chegar a presenza case tanxible de quen sobrevive no voso agradecemento. Confesades entón que non vos sentistes sos en ningún momento da vosa peregrinación, e que, se a vosa intención primeira era facela por eles, recoñecedes despois, emocionados, unha vez chegados a Santiago, que, en realidade, non camiñabades sos, nin por eles, senón con eles. Atrevémonos a albiscar aquí un reflexo da comunión dos

---

<sup>13</sup> BIEITO XVI, *Deus caritas est*, 6.

santos. Só unha mirada superficial detense no frío escepticismo. Non *é un douche para que ti mes deas*, nin tampouco debe chamarse *obriga* a disposición de quen libre e espontaneamente se comprometeu con alguén mediante unha promesa, malia sentirse despois obrigado a cumprila con esforzo e sacrificio.

27. O Camiño de Santiago é un Camiño de conversión, ofrecido a todo o que desexe acoller a experiencia; non esixe unha previa “selección de candidatos”, nin ten tampouco *numerus clausus*. Todo o contrario, un dos seus valores permanentes estriba en que pon en contacto directo a alma e a Deus, ata para os que aínda non descubriron a fe cristiá. Isto ten un especial valor no noso tempo no que moitas persoas aínda senten a nosa Igrexa afastada. Por iso necesitan que ela lles arrime unha luz próxima, paciente e acolledora, que os axude a interpretar a súa experiencia e a reler o Evanxeo que tiñan ante os ollos, como soubo facelo o Apóstolo Filipe co etíope eunuco, alto funcionario da raíña de Candace (cf. Feit 8, 27-30). Certamente, Deus ofrece a todo peregrino, que é cada ser humano que vén a este mundo, un camiño só por El coñecido. Pero, “*como poderá recoñecelo se ninguén o guía?*” (Feit 8, 31).

28. Quen cre non teme implicarse na complexidade das cousas, nin permanece inmóbil polo temor a non acertar sempre ao intentar melloralas. Porque, que é crer en Deus senón comprometerse decididamente coa súa iniciativa en nós e nos demais? “*Prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa, antes que unha Igrexa doente polo encerro e a comodidade de aferrarse ás propias seguridades*”<sup>14</sup> escribe o papa Francisco.

29. Así, non son poucos os que, cos seus amigos, grupos parroquiais, colexios ou asociacións relixiosas identifican ao longo do Camiño de Santiago a súa vocación ao matrimonio, ao sacerdocio, ou á vida relixiosa. A proximidade á que estaban sometidos non lles deixaba libre o corazón para bombear os seus desexos máis profundos. Conforme peregrinan, advirten que, no medio das súas ocupacións e traballos, están os rostros que encarnan os benaventurados do Evanxeo, e que, neses mesmos rostros e nas súas loitas, estaba Xesús falándolles. Durante o camiño, xa sexa no encontro con outros peregrinos, ou nos oasis que lles proporciona a oración en común, séntense como sacudidos por unha inquietude: “Xesús necesítate para eles!”. Tamén para

---

<sup>14</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 49.

moitos outros, a semente do namoramento acaba madurando en compromiso matrimonial para formar unha familia e constituír unha Igrexa doméstica.

30. Non son poucos os mozos/as que peregrinan. Pero, como poden eses mozos/as vivir a vida descubrindo a súa vocación ao matrimonio, ao sacerdocio ou á vida consagrada? Non é seica o compromiso polos demais o contrario á liberdade? Así se pregunta con estrañeza a nosa cultura aburguesada. Non están desperdiciando a súa vida e o mellor dos seus anos? Con todo, esa mocidade valente desenmascara esta sociedade que lles ofrecemos os adultos, e experimentan, malia iso, que a vida se fai máis pobre e se arruína cando falta o compromiso e, ao contrario, échese de sentido cando se pode gastar por outros e non se busca a si mesma. Son mozos/as capaces de escravellar entre a follaxe dos slogans e das redes sociais, para dar coa verdadeira felicidade e co sentido que lle queren dar ás súas vidas.

31. Para outros moitos peregrinos, peregrinar a Santiago é como a desembocadura natural do seu compromiso cristián. Oran no seu traballo diario e, xa sexa nas súas mochilas ou nas súas equipaxes, portan con eles o aceite da fe. Son, como o Apóstolo Santiago, discípulos de Xesús cuxa man esquerda ignora o que fai a súa dereita (cf. Mt 6, 3), cos necesitados máis próximos ou máis afastados, alí onde viven. Son sal, pan e luz nos seus ambientes de traballo, nas súas comunidades eclesiais e nas súas familias. Para eles, peregrinar a Santiago, como tamén a outros lugares de peregrinación, é a oportunidade única de palpar coas súas propias mans e ver cos seus propios ollos que a fe cristiá ten a súa raíz en Xesús, testemuñando os seus discípulos. Comproban que a súa fe non se apoiaba ultimamente en crenzas, aínda que estas fosen relixiosas, senón en testemuñas do Señor<sup>15</sup>. “Sinxelamente” son cristiáns, conscientes de que a encarnación fixo de cada persoa para eles un irmán de Cristo, a súa presenza concreta: *“Cantos cristiáns dan a vida por amor: axudan a tanta xente a curarse ou a morrer en paz en precarios hospitais, ou acompañan a persoas escravizadas por diversas adicións nos lugares máis pobres da terra, desgástanse na educación dos nenos e mozos, ou coidan de anciáns abandonados por todos, ou tratan de comunicar valores en ambientes hostís, ou entréganse de moitos*

---

<sup>15</sup> SIMONE WEIL, *Á espera de Deus*, Trotta, Madrid 1993, 128: *A crenza é verbal e non penetra na alma*”.

*outros xeitos que amosan ese inmenso amor á humanidade que nos inspirou o Deus feito home*"<sup>16</sup>

32. Aínda que por fóra non se distinguen dos demais que camiñan, están cheos do barro do camiño, ou ben, resignados nos corredores dos aeroportos; con todo, por dentro, as súas vestiduras son brancas, como as do Año (cf. Ap 7, 9). Fóronse alimentando da súa Carne e bebendo do seu Espírito, e deste xeito, *a súa mocidade íase renovando como a aguia* (cf. Sal 103, 5)<sup>17</sup>; son cada mañá lévedo dunha sociedade nova. Por iso, cando chegan á Catedral de Santiago, fúndense en abrazo emocionado co Apóstolo, o Amigo do Señor, para levalos a El e poder escoitar de xeito similar como os apóstolos: "*Xa non vos chamo servos, porque o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós chámovos amigos, porque todo o que oín a meu Pai déivolo a coñecer*" (Xn 15, 15).

33. A peregrinación libérvos de ilusións. Queredes desfacer os prexuízos do corazón, e desexades ser libres mediante a conversión do corazón. Vindes a Santiago, a cidade que conserva, xunto a un rico patrimonio artístico, unha tumba, a do Apóstolo, para deixárvos atopar por Cristo que vos chama, percorrendo cos pasos da vosa liberdade, á conversión que viviu Santiago, o mozo mariñeiro de Galilea. A fe non teme implicarse na complexidade das cousas. Crer en Deus é comprometerse coa súa iniciativa en nós.

### 1.3. a Igrexa, pobo de Deus *en saída*

34. O papa Francisco úrxenos para que toda a Igrexa *estea en saída*. Isto implica dar o paso audaz e confiado de Abrahán, saíndo da casa paterna; abandonar as nosas redes como o Apóstolo Santiago, isto é, saír da burbulla que nos illa do resto do mundo e nos volve autorreferenciais; e saír sen medos das seguridades e das comodidades, dos egoísmos e das inercias; da autopreservación que latexa moitas veces en nós mesmos, nas nosas parroquias e comunidades, onde se conxura o risco de calquera cambio, co pretexto de preservar "a verdade". É preciso saír cara ás encrucilladas dos camiños, cara aos últimos onde está Cristo esperándonos.

---

<sup>16</sup> *Ibid.*, 76.

<sup>17</sup> Santo Agostiño no seu sermón 81 escribe: "Non te adhiras a este mundo envellecido e arela rexuvenecer en Cristo que che di: o mundo perece, o mundo envellece, o mundo vense abaixo e respira con dificultade a causa da súa vellez. Non temas; a túa xuventude renovarase como a da aguia.

35. Como é posible que parezamos vivir a nosa fe máis como renuncia coesmal que como encontro pascual con Cristo? Onde quedou a ledicia do que atopa o tesouro escondido no campo, ese tesouro polo que paga a pena vendelo todo para adquirilo? (cf. Mt 13, 43). Cativaría máis a nosa atención o campo que o propio tesouro escondido nel? Se no noso anuncio cara aos demais temos sobre acentuado o sacrificio, temos que pararnos e preguntarnos se, talvez nalgún momento, non perdemos de vista o máis importante. Se un cristián queda mirando a súa propia renuncia, posiblemente non descubriu aínda o tesouro que a motiva. *Que desexas?* Preguntou Xesús á nai de Santiago e do seu irmán Xoán (cf. Mt 20, 21). Esa pregunta séguesenos facendo hoxe a todos.

36. Temos deixado que o Evanxeo se deslizase cara a un moralismo que buscaba certa perfección, non a misericordia de Deus “que fai saír o seu sol sobre malos e bos” (Mt 5, 45). Estivemos máis atentos aos erros, e menos sensibles aos procesos das persoas<sup>18</sup>. Por momentos, parece que a planta dese moralismo creceu máis na mente e no corazón dos cristiáns que a mesma Palabra de Deus. Vixiamos para non reducir a Boa Nova a unha conduta individual “correcta” e pía para o máis aló!

37. Talvez, ensinamos un bosque doutrinal en lugar de sinalar a árbore da que realmente ten fame a xente. Esa árbore é o Fillo de Deus que afunde as súas raíces no Pai e se fixo froito para todos nós. Esa Árbore foi crecendo en sabedoría e estatura no obradoiro da humanidade. Desde entón, os procesos son os mensaxeiros de Deus na vida das persoas. Abramos os ollos para recoñecelos e alentálos! Pola contra, a nosa evanxelización parecerase a un extenuante esforzo por convencer os que “non creen”, e a un sinalar cartesianamente co dedo “os de dentro” e “os de fóra”, en lugar do recoñecemento gozoso pola nosa banda de que a graza de Deus xa está actuando nas súas vidas<sup>19</sup>.

---

<sup>18</sup> Neste senso, o papa Francisco en *Amoris laetitia*, 37: “Cústanos deixar espazo á conciencia dos fieis, que moitas veces responden o mellor posible ao Evanxeo en medio dos seus límites e poden desenvolver o seu propio discernimento ante situacións onde se rompen todos os esquemas. Estamos chamados a formar as consciencias, pero non a pretender substituílas”.

<sup>19</sup> Cf. BIEITO XVI, Misa da inauguración da V Conferencia do Episcopado Latinoamericano: “A Igrexa séntese discípula e misioneira deste Amor: misioneira só en canto discípula, é dicir, capaz de deixarse atraer sempre, con renovado asombro, por Deus que nos amou e nos ama primeiro (cf. 1 Xn 4, 10). A Igrexa non fai proselitismo. Crece moito máis por “atracción”: como Cristo “atrae a todos a si” coa forza do seu amor”.

38. Como entón experimentaremos a alegría de recoñecer a Cristo vivo na realidade que nos rodea? Como poderemos entender a audacia do apóstolo Santiago para traer a Boa Nova ao Fisterra? Como compartiremos a paixón evanxelizadora de Paulo? E como axudar a crecer as sementes do Reino, e alentar procesos sen penetrarnos na vida da xente? A Igrexa non pode ser mestra sen ser discípula, non só de Cristo, senón tamén dos homes: *“Os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angustias dos homes do noso tempo, sobre todo dos pobres e de cantos sofren, son á vez gozos e esperanzas, tristezas e angustias dos discípulos de Cristo. Nada hai verdadeiramente humano que non atope eco no seu corazón”*<sup>20</sup>.

39. O Papa non nos aprema a un cambio polo cambio. Advírtenos que temos que levar ben pegada a nós a lámpada do *discernimento*, para que sexamos fieis ao Evanxeo estando atentos aos signos dos tempos. *“Sen a sabedoría do discernimento podemos converternos facilmente en monicreques a mercé das tendencias do momento”*<sup>21</sup>. É verdade, se non nos deixamos guiar por esa luz, expoñerémonos ás mareas, cambiantes e efémeras, das ideoloxías e de estilos pastorais que en lugar de métodos fanse fins en si mesmos. Pero arrastramos a inercia do *sempre se fixo así*. Esa apatía aletárganos e perpetúanos nun cristianismo lánguido, no que o Espírito de Cristo permanece “pechado”; iso si, sen que nos deamos conta, déixanos na escuridade máis completa.

40. Como dixo no seu día Bieito XVI, sexamos *“humildes traballadores na viña do Señor”*, isto é, operarios da viña e non donos da mesma para servir o Evanxeo. Desta forma, o lexítimo centro das persoas e da nosa acción evanxelizadora será Cristo, e non nós. Pola contra, parecerémonos a aquel sal do cal afirmou o Señor que xa non vale para dar sabor ao alimento e que, por suposto, faise *“con toda razón”* algo insignificante e desprezo dos demais (cf. Mt 5, 13-16)<sup>22</sup>.

41. Teñamos moi presente a tentación da nai do Apóstolo Santiago. Pide para os seus dous fillos un privilexio por encima do resto: *“non*

---

<sup>20</sup> CONCILIO VATICANO II, *Gaudium et spes*, 1.

<sup>21</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 167.

<sup>22</sup>*Ibid.*, 28: *Unha tarefa movida pola ansiedade, o orgullo, a necesidade de aparecer e de dominar, certamente non será santificadora. Cf. JULIÁN BARRIO BARRIO, In verbo tuo, 139. O Misterio da Igrexa desvanecería e perdería o seu sal se aspirase a ser una institución máis entre outras, buscando entre as cousas que son do César as riquezas que se encouzan e corroen pola ferruxe.*



*sabedes o que pedides”, respóndelles o Señor (Cf. Mt 20, 22). Nesa tentación recoñecemos a nosa, e a da Igrexa de todas as épocas, cando se mira a si mesma e traballa polo campo e non polo tesouro escondido nel. Pero as nosas sombras non logran eclipsar a luz do Sol: “Xesucristo faise en certo xeito novamente presente, malia todas as aparentes ausencias, malia todas as limitacións da presenza ou da actividade institucional da Igrexa”<sup>23</sup>.*

42. Somos chamados a traballar fielmente na viña do Señor seguíndoo a El e non El a nós. A Igrexa é unha árbore milenaria con raíces moi profundas situada na revelación, pero necesita, á vez, a flexibilidade do arbusto para ofrecer o froito que os demais poidan alcanzar. *“Pidamos ao Señor, di o papa Francisco, que libere a Igrexa dos que queren avellentala, esclerotizala no pasado, detela, volvela inmóbil. Tamén pidamos que a libere doutra tentación: crer que é novo porque cede a todo o que o mundo lle ofrece, crer que se renova porque esconde a súa mensaxe e se mimetiza cos demais. Non. É nova cando é ela mesma, cando recibe a forza sempre nova da Palabra de Deus, da Eucaristía, da presenza de Cristo e da forza do seu Espírito cada día. É nova cando é capaz de volver unha e outra vez á súa fonte”<sup>24</sup>.*

43. O Espírito do Resucitado empúxanos a evanxelizarnos os pobres. Cando ese Espírito é o que nos move, lévanos ata Xesús, e a Igrexa vólvese sal e fermento. Permanece fiel ao Señor e aberta ao seu futuro. Cando as nosas parroquias e comunidades beben e dan a outros de beber a auga sempre fresca do Evanxeo, viven e saen da súa autorreferencialidade. Sexamos entón libres para compartir e ser boa nova para o sufrimento dos últimos, así como Xesús, saberemos recoñecer neles os benaventurados do noso tempo.

44. Desde o sepulcro do Apóstolo, acollemos a chamada a non resignarnos a contemplar de brazos cruzados como o compromiso cristián se vai convertendo nunha especie de cristianismo de museo. Non queremos ser espectadores; sexamos, como o Apóstolo Santiago, testemuñas activas. Este ano Santo é unha oportunidade de graza do Señor para que tamén neste xubileu se realice na nosa Igrexa a profecía de Ezequiel: *“A man do Señor pousouse sobre min. O Señor sacoume en espírito e colocoume no medio dun val todo cheo de ósos. E fíxome dar voltas e voltas arredor deles: eran moitísimos no val e estaban completamente secos. Preguntoume: Fillo de home, poderán revivir estes ósos? Eu respondinlle: Señor Deus*

---

<sup>23</sup> XOÁN PAULO II, *Redemptor hominis*, 13.

<sup>24</sup> FRANCISCO, *Christus vivit*, 35.

*meu, ti sábelo. El díxome: Pronuncia un oráculo sobre estes ósos, e dilles: Ósos secos, escoitade a palabra do Señor! Isto di o Señor Deus a estes ósos: Eu mesmo infundirei espírito sobre estes ósos e viviredes” (Ez 37, 1-5).*

45. O Espírito Santo axúdanos a sondar os novos camiños que nos leven do Evanxeo ao mundo, e do mundo ao Evanxeo. Debemos ter a valentía de deixarnos preguntar e cuestionar pola sociedade do noso tempo. A realidade non é unha ameaza, senón unha chamada. De que terras se nos está pedindo saír? Non podemos contentarnos con adornar os nosos sitios ou con escribir con letras de ouro un consolo para o máis aló. Se non nos facemos Boa Nova para os descartados desta sociedade, nin sal para esta terra que nos sostén, se non abrimos a mente e o corazón aos que a súa indiferenza fai vivir cos ollos pechados, se non damos testemuño con paixón de que Deus está de parte dos últimos, “*derrubando do trono os poderosos e enaltecendo os humildes*” (Lc 1, 52), é porque nos estaremos volvendo impermeables ao Espírito co que fomos unxidos no bautismo.

46. Pola nosa historia secular e o noso papel no mundo, habituámonos a ser os mestres e portavoces do Evanxeo e a facer da nosa cultura o vehículo exemplar da fe cristiá para os demais continentes. En cambio, neste momento da historia, as nosas Igrexas diocesanas son testemuñas do empuxe da fe cristiá noutros continentes. O Camiño de Santiago vén secularmente convocando a centos de miles de europeos, pero é esperanzador o auxe de peregrinos procedentes de Asia, América e Oceanía en procura das raíces históricas da fe apostólica. Todo un signo dos tempos, avistado xa no seu momento, por san Xoán Paulo II, e que subliña que o catolicismo é multicultural cando escribía que “*na historia da Igrexa, o cristianismo non ten un único modo cultural, senón que permanecendo un mesmo, en total fidelidade ao anuncio evanxélico e á tradición eclesial, levará consigo tamén o rostro de tantas culturas e tantos pobos en que foi acollido e arraigado*”<sup>25</sup>.

47. Por iso, o papa Francisco, chegado “desde o fin do mundo”, dinos: “*Non é indispensable impoñer unha determinada forma cultural, por máis bela e antiga que sexa, xunto coa proposta do Evanxeo. A mensaxe que anunciamos sempre ten algunha roupaxe cultural, pero, ás veces, na Igrexa, caemos na vaidosa sacralización*

---

<sup>25</sup> XOÁN PAULO II, *Novo millennio ineunte*, 40.

*da propria cultura*"<sup>26</sup> . Convertámonos polo Espírito en pedras vivas dunha Igrexa que peregrina cada día grazas á Palabra e os sacramentos. Unha Igrexa implicada na realidade concreta e atenta para colaborar con entusiasmo e sen demora en construír a cidade de Deus no medio da cidade dos homes, ao dicir de santo Agostiño.

#### 1.4. Cara á cultura do espírito ante a cultura material

48. Ao fixarnos na realidade antropolóxica actual podemos percibir a imaxe dun home obeso materialmente e anoréxico espiritualmente. Desde os distintos continentes chegan peregrinos con connotacións propias pero con preocupacións similares, buscando respostas desde o Evanxeo e a Tradición apostólica ás penúltimas ou últimas preguntas que levan dentro. De xeito especial vou referirme ao peregrino dunha Europa que naceu peregrinando en relación coa memoria do Apóstolo Santiago e que ha de transformarse na "Europa do espírito"<sup>27</sup> . A nosa Europa áchase ante o reto de saber que dirección tomar. Para iso necesita, ademais do talento e da creatividade, nutrirse das súas propias raíces. Elas son moito máis que os logros colectivos da cristiandade medieval, recoñecibles nas súas artes, universidades, construcións, hospitais, mosteiros, Igrexas, etc. Estas raíces non son belas reliquias dun pasado, que, agora, con todo, resultan inservibles e anticuadas para afrontar desafíos que son novos. As nosas raíces son máis universais e moito máis profundas. Están ben afianzadas na terra, e recoñécense no humus universal que é o ser humano. Por iso, elas son as que nos poden seguir indicando quen somos. Son raíces que se xeraron no encontro das civilizacións comprendidas entre a antiga Mesopotamia e o Mediterráneo. Na "nosa" Biblia, percórrese toda unha biblioteca milenaria coas pegadas de todas as culturas das que xurdiu Europa. É, sen dúbida, o libro do que nace a nosa cultura e o que lle

---

<sup>26</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 117.

<sup>27</sup> "Ten seguridade! O Evanxeo da esperanza non defrauda! Nas vicisitudes da túa historia, escribía san Xoán Paulo II, de onte e de hoxe, é luz que ilumina e orienta o teu camiño; é forza que te sustenta nas probas; é profecía dun mundo novo; é indicación dun novo comezo; é invitación a todos, crentes ou non, a tratar camiños sempre novos que desemboquen na Europa do espírito, para convertela nunha verdadeira "casa común", onde se viva con ledicia": Exhortación postsinodal "Ecclesia in Europa", 121.

dá a súa fisionomía propia<sup>28</sup>. Á calor desta Palabra inspirada, xermolou o valor do recoñecemento da dignidade da persoa como tal, con independencia de calquera circunstancia. Este valor foi clave, por exemplo, durante a idade moderna para o recoñecemento do *dereito de xentes* das terras recentemente descubertas no novo mundo.

49. Canto máis complexos son os nosos desafíos, máis precisamos de raíces profundas; só así, poderanse resolver con confianza, de modo que a altura socioeconómica do noso continente non poña en risco a estabilidade de toda a árbore. Cando unha cultura sabe quen é, sabe mellor cara a onde ir. Os desafíos que vivimos en Europa son unha oportunidade que non podemos desperdiciar se os afrontamos desde o alicerce de valores que nos deron orixe e desenvolvemento.

50. É obvio que non é cometido da Igrexa ditar o desenvolvemento da sociedade e da cultura, aínda que tampouco debe quedar á marxe <sup>29</sup>. Doutra banda, como institución non sempre soubemos interpretar todos os cambios que melloran o noso continente; a desconfianza ante o novo ou o sobrevido velozmente ás veces paralizounos, sen prestar atención e secundar o que escribía san Paulo: *“Polo demais, irmáns, todo canto hai de verdadeiro, de nobre, de xusto, de puro, de amable, de honorable, todo canto sexa virtude ou digno de eloxio, todo iso téndeo en conta”* (Flp 4, 8). Así tamén nolo recorda o Papa: *“Se deixamos que as dúbidas e temores sufoquen toda audacia, é posible, que, en lugar de ser creativos, sinxelamente quedemos cómodos e non provoquemos avance ningún e, nese caso, non seremos partícipes de procesos históricos coa nosa cooperación, senón sinxelamente espectadores dun estancamento infecundo da Igrexa”*<sup>30</sup>.

51. Saudamos con ledicia o desenvolvemento da nosa identidade europea e a achega de valores como son: a igualdade de dereitos laborais entre homes e mulleres, a maior integración social de persoas que, pola súa condición física ou intelectual, ou ben pola súa orientación sexual, sufrían marxinación por parte da sociedade, o crecente respecto polo medio ambiente, o

---

<sup>28</sup> Cf E. MORENO BAEZ, *Os alicerces de Europa*, Santiago de Compostela 1996. J. RATZINGER, *L'Europa di Benedetto e a Crisi delle Culture*, Roma 2005. XOÁN PAULO II, Exhortación Apostólica Postsinodal *Ecclesia in Europa*, 28 de xuño de 2003.

<sup>29</sup> BIEITO XVI, *Deus charitas est*, 28: *“A Igrexa non debe emprender por conta propia a empresa política de realizar unha sociedade o máis xusta posible. Non pode nin debe substituír o Estado. Mais tampouco pode quedar á marxe da loita pola xustiza”*.

<sup>30</sup> FRANCISCO, *Evangelium gaudii*, 129.

compromiso valente de moitas ONGs en defensa dos máis débiles, especialmente, cos inmigrantes e tamén no seu compromiso pola xustiza en terceiros países, mantendo *“en definitiva, a aspiración de establecer un san equilibrio entre dimensión económica e social”*<sup>31</sup>. Todos estes son avances que non deberían ter retroceso. Na medida en que contribúen a recoñecer a dignidade das persoas como tales, e, a promover a xustiza social, favorecen así mesmo o crecemento do Reino de Deus.

52. Con todo, unha Europa encerrada nos seus intereses económicos, ademais de inxusta cos demais pobos dos que ela mesma é debedora, tamén se asfixia a si mesma. Non pode converterse nunha illa de benestar social que hai que defender. Isto nin é realista nin sería xusto. Precisamente, a inxustiza que xeramos en terceiros países é o caldo de cultivo da violencia que tememos. Somos unha identidade cultural e de valores, capaces de ofrecer os auténticos valores que poden humanizar outras culturas.<sup>32</sup>

53. Para o vello continente a odisea do heroe Ulises representa o retorno á seguridade do fogar. Parece que este mito describe a actual obsesión da nosa Europa, só que, a diferenza do noso personaxe, este pesadelo pola seguridade e o benestar parálizaa e réstalle confianza no seu propio porvir<sup>33</sup>. A crise demográfica que nubra o futuro, a banalización mediática de dimensións tan importantes da existencia, como a morte ou a mesma sexualidade; o cuestionamento da institución familiar como tal, o medo ao estranxeiro, a desconfianza cara ás institucións e entre os individuos, a parálise ante o

---

<sup>31</sup> BIEITO XVI, *Discurso nos 50 anos dos Tratados de Roma*.

<sup>32</sup> J. BARRIO BARRIO, *Alocución no Departamento do Consello de Cultura de Estrasburgo: “Dicir “Europa” debe significar dicir “apertura”. Por iso, debe ser un continente aberto e acolledor, que continúe realizando na actual globalización, non só de formas de cooperación económica, senón tamén sociais e culturais”*.

<sup>33</sup> FRANCISCO, *Discurso ao Parlamento Europeo de 2014: “Nalgúns países de chegada, os fenómenos migratorios suscitan alarma e medo, a miúdo fomentados e explotados con fins políticos”*. FRANCISCO, *Cristo vive: “Os países ricos queren educar os pobres cunha “educación” que os tranquilice a os converta en seres domesticados e inofensivos: a inxustiza é o caldo de cultivo da violencia, e do medo (EG 59-60). Difúndese así unha mentalidade xenófoba, de xente cerrada e repregada sobre si mesma, ante a que hai que reaccionar con decisión”*.

compromiso, son algunhas das súas manifestacións<sup>34</sup>. Doutra banda, as ciencias, consideradas “en si mesmas”, son neutrais respecto da nosa tradición cristiá. Con todo, os recursos cos que contan, a finalidade coa que se investiga ou os destinatarios da súa aplicación<sup>35</sup>, necesitan dos referentes éticos e morais. A única ciencia -que é a real e concreta-, precisa horizontes máis amplos que os da aplicación inmediata ou a súa rendibilidade.

54. Tamén o campo educativo precisa de luces longas. Necesítanse profesionais cualificados, pero sen menoscabo da súa formación humana integral, nin da súa vocación de servizo á sociedade, so pena de que a rendibilidade do mercado sexa a que decida e determine o seu currículo e o seu perfil formativo, e a rendibilidade do individuo sexa a única razón de ser do seu traballo. Se a preparación laboral ou académica estivese só configurada pola demanda da empresa privada ou pública, que institucións do saber e da cultura quedarán entón que sexan un referente que oriente á nosa sociedade?

55. Temos que traballar polo *benestar* de todos, pero procurando que non sexa fonte de inxustiza para ninguén. Con esperanza hai que seguir buscando na “nova Europa do espírito” que as condicións laborais sexan dignas, e que os horarios sexan os axeitados para que permitan conciliar a vida profesional e familiar. É unha realidade que moita mocidade se ve forzada a emigrar para poder desempeñar o traballo para o que se prepararon durante anos, ou ben gáñanse a vida en ocupacións puntuais en condicións de verdadeira explotación<sup>36</sup>.

56. En realidade, tampouco deixa de ser vítima da inxustiza quen a provoca. O que está lucrándose grazas á explotación dos demais, mutila a súa propia dignidade, e desperdicia a oportunidade de darlle un sentido á súa vida.

---

<sup>34</sup> FRANCISCO, *Lumen fidei*, 55: “Se fixésemos desaparecer a fe nas nosas cidades, debilitaríase a confianza entre nós, pois quedaríamos só unidos polo medo”.

<sup>35</sup> FRANCISCO, *Laudato si*, 107: “Os obxectos produto da técnica non son neutros, porque crean unha armazón que termina condicionando os estilos de vida e orientan as posibilidades sociais na liña a dos intereses de determinados grupos de poder”.

<sup>36</sup> FRANCISCO, *Christus vivit*, 270: “Ademais de empobrecelos, a falta de traballo recorta na mocidade a capacidade de soñar e de esperar, e privaos da posibilidade de contribuír ao desenvolvemento da sociedade. Con frecuencia a precariedade ocupacional que aflixe a mocidade responde á explotación laboral por intereses económicos e non o de protagonistas do cambio”.

Unha vida para gozar e acumular, sen compartir, acaba sendo un sucedáneo de felicidade<sup>37</sup> que non se traduce na ledicia que chega ao corazón, nin dá sentido a unha vida.

57. A aplicación das tecnoloxías supón tamén unha oportunidade e un desafío ético para o mundo e para nosa Europa. Non é estraño que o Papa dixese que *“os grandes sabios do pasado, neste contexto, correrían o risco de apagar a súa sabedoría no medio do ruído dispersivo da información”*<sup>38</sup>. A proximidade e sobrecarga das informacións subtráenos a perspectiva dos acontecementos, e, o que é peor, inmunízanos fronte á dor allea. Acabamos confundindo virtualidade e realidade<sup>39</sup>. A tecnoloxía permítenos conectar dispositivos, pero non sempre as persoas coa súa realidade<sup>40</sup>. Doutra banda, a globalización que permite a tecnoloxía, facilita que a Europa dos pobos se vaia parecendo a unha planicie cultural: un adolescente de Varsovia, por exemplo, practicamente confúndese, por mimetismo, con outro da nosa Galicia.

58. *“Os medios actuais permiten que nos comuniquemos e compartamos coñecementos e afectos. Con todo, ás veces tamén nos impiden tomar contacto directo coa angustia, co tremor, coa alegría do outro e coa complexidade da súa experiencia persoal. Por iso non debería chamar a atención que, xunto coa abafadora oferta destes produtos, se desenvolva unha profunda e melancólica insatisfacción nas relacións interpersoais, ou un daniño illamento”*<sup>41</sup>. Canto máis rápidos sexan os cambios que experimentan as nosas sociedades, máis necesidade temos do discernimento para valoralos. Desde que criterios decidimos ante os dilemas morais, persoais ou colectivos? Que lámpada achegaremos para sabelos descifrar? Somos cidadáns, non dóciles consumidores obrigados a armar en soidade ou ben no refuxio doméstico, a arquitectura dos nosos propios valores, sen referentes

---

<sup>37</sup> LEÓN MAGNO, *Sermón sobre as benaventuranzas*, 95, 2-3: PL 54, 462: *“Non pode dubidarse de que os pobres conseguen con máis facilidade que os ricos o don da humildade, xa que os pobres, na súa indixencia, familiarízanse facilmente coa mansedume, e en cambio, os ricos, coa soberbia”*.

<sup>38</sup> FRANCISCO, *Laudato si*, 47.

<sup>39</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 62: *“O primeiro lugar está ocupado polo exterior, o inmediato, o visible, o rápido, o superficial, o provisorio”*.

<sup>40</sup> FRANCISCO, *Christus vivit*, 90: *“A inmersión no mundo virtual propiciou unha especie de “migración dixital”, é dicir, un distanciamento da familia, dos valores culturais e relixiosos, que leva a moitas persoas a un mundo de soidade e de autoinvención, ata experimentar así una falta de raíces, aínda que permanezan fisicamente no mesmo lugar”*.

<sup>41</sup> FRANCISCO, *Laudato si*, 47.

comunitarios nin históricos<sup>42</sup>. Para saber quen é o ser humano necesita sempre saber a quen pertence. A dignidade do home é o eco da transcendencia de Deus e non debe prevalecer unha antropoloxía sen Deus nin sen Cristo. Corremos o risco de volvernos individuos *"light"* para quen a prioridade é surfear as complicacións<sup>43</sup>; individuos que se constrúen unha identidade en base aos seus hábitos de consumo; individuos, en fin, que esquecen que *"eu son eu, pero eu non son meu"*<sup>44</sup>.

59. Necesitamos da lámpada do discernimento. Podemos, talvez, sen darnos conta, equiparar o valor incondicional da persoa co absolutismo do individuo; a necesaria igualdade de dereitos entre homes e mulleres cunha ideoloxía do xénero que non se engloba única nin principalmente no tema dos dereitos da muller, senón máis ben no desprazamento da noción de liberdade individual desde o *"eu podo facer o que queira"* ao *"eu podo ser o que queira"*, co agravante de que esa decisión autoafirmativa pretende impoñer a súa aceptación por parte dos demais; a conveniente laicidade do Estado co laicismo que anula os dereitos relixiosos no ámbito público; o amor pola terra e o medio ambiente cun ecoloxismo sen antropoloxía nin xustiza social. Será mellor pararnos e espertar a nosa conciencia, antes de que ela termine pensando, sen máis, tal como se actúa na práctica. Neste horizonte Europa será a ágora de cidadáns responsables que necesita.

60. Unha cultura europea que prescindida da tradición cristiá, non sería máis que, no mellor dos casos, unha ficción sen rumbo. Hai cantos de serea que incitan a resetear a nosa historia, a nosa cultura e ata a nosa natureza humana desde cero. Con todo, *"o home non se crea a si mesmo, é espírito e vontade, pero tamén natureza"*<sup>45</sup>. Por iso, como xa se preguntaban os antigos, tamén nós hoxe temos que recapacitar: *cui prodest?* Isto é, a quen beneficia e a quen prexudica? Que mentalidade está en xogo? Cara a que modelo de sociedade e de ser humano estamos indo? É posible que esteamos chamando democrático

---

<sup>42</sup> SANTO AGOSTIÑO, *De Ordine*. 2, 10, 30: *"Resulta difícil ao home volverse e encontrarse a si mesmo. Ávido de exterioridades, a súa mesma avidez condúceo ao baleiro. E, fuxindo de si mesmo, cae na tortura da multiplicidade"*.

<sup>43</sup> J. BARRIO BARRIO, *Confiado na túa Palabra, Señor*, 81-82: *"Corremos o risco de vernizalo esteticamente todo e na que podemos, sen pretendelo, vivir de costas " a enfermidade e, sobre todo, aos enfermos, ignorando que, antes ou despois, a dor visítanos, dada a fragilidade do noso corpo... Non poucas veces comprobamos que os enfermos ganan aos sans en tenrura, amor e bondade"*.

<sup>44</sup> SANTO AGOSTIÑO, *In Ioan*. 29,3.

<sup>45</sup> FRANCISCO, *Laudato si*, 6. Neste mesmo sentido, xa o Concilio Vaticano II na súa *Gaudium et spes*, 53: *"Sempre que se trata da vida humana, natureza e cultura están na máis íntima conexión"*.



ao utilitarismo da maioría e liberdade á capacidade de consumo do individuo?

61. Na nosa cultura, publícanse os logros coma se fóssemos os inventores do progreso, por fin, sen o lastre pesado das tradicións. Haberá que podar a árbore, pero non deixalo sen raíces. Do contrario, Europa podería ser unha bela flor sostida nun vaso de auga: unha imaxe fermosa si, pero sen humus, nin vida por dentro: a comunidade do utilitarismo e do esteticismo, pero sen o alicerce da verdade do ser humano. *“Non é motivo de sorpresa o que a Europa de hoxe, mentres quere presentarse como unha comunidade de valores, conteste cada vez máis o feito de que haxa valores universais e absolutos?”*<sup>46</sup>.

62. Con todo, pode haber algo máis absoluto que a dignidade de cada ser humano, imaxe de Deus? En cambio, cando este valor se exceptúa a conveniencia, xa traspasamos un límite de non retorno que termina xustificando, en aras do benestar, a violencia e a manipulación contra o propio ser humano. Se non protexemos os valores incondicionais, esta ou aquela persoa, co seu nome e apelidos, coa súa situación real e particular, xa se converteu en relativa, é dicir, en prescindible, ou como nos di o papa Francisco, en *descartable*. A fe cristiá achega para a nosa Europa un horizonte no que cada ser humano, cada persoa, independentemente das súas circunstancias vitais e da súa orixe, desde o ventre materno ata o seu último alento, é un absoluto sagrado para Deus, e, xa que logo, tamén necesariamente para o propio home<sup>47</sup>.

63. Ata a cidade do Apóstolo Santiago vindes doutros continentes, doutras nacionalidades e doutras culturas. Para vós, esas diferenzas idiomáticas non supoñen unha barreira na comunicación, todo o contrario, vivídelo como un enriquecemento que dá a complementariedade. O Camiño de Santiago dá a oportunidade de convivir e compartir sen medo nin desconfianza co que é distinto. Constatamos en Santiago que todas as culturas están chamadas, sen perder os seus matices, a abrirse unhas a outras, e que calquera ser humano pode recoñecer no seu semellante, forasteiro ou descoñecido, o seu próximo e o seu irmáns. *“En Santiago, cidade do extremo Occidente de Europa, conflúe o enteiro*

---

<sup>46</sup> BIEITO XVI, *Discurso*, o.c.

<sup>47</sup> BIEITO XVI, *Homilía durante a eucaristía celebrada na Praza do Obradoiro*, novembro, 2010: *“Non se pode dar culto a Deus sen velar polo home, seu fillo, e non se serve o home sen preguntarse por quen é seu Pai e responderlle á pregunta por el. A Europa da ciencia e das tecnoloxías, a Europa da civilización e da cultura, ten que ser á vez a Europa aberta á transcendencia e á fraternidade con outros continentes, ao Deus vivo e verdadeiro desde o home vivo e verdadeiro. Isto é o que a Igrexa desexa chegar a Europa: velar por Deus e velar polo home, desde a comprensión que de ambos se nos ofrecen en Xesucristo”*.

*Continente. Nela atópanse o centro e a periferia. É xa que logo un lugar altamente simbólico para descubrir a gran riqueza de Europa unida na súa tradición relixiosa e cultural*<sup>48</sup>.

## 1. ¡PONTE EN CAMINO!

### 2.1 Escoita: Un éxodo cara á interioridade con rostro

64. En realidade, hai tantos motivos para peregrinar ata Santiago como peregrinos; cada un destes motivos é de “carne e óso”, feito das circunstancias concretas e persoais de cada un. É Deus quen esperta estes porqués, xa que é quen chama, e é o único que, en realidade, coñece os seus nomes. É algo que non cabe nunha estatística. No camiño o peregrino retráese da vida ordinaria que deixou ao saír da casa para tomar a decisión de cortar coa súa rutina. Ao concluír a peregrinación, e tras vivir esta experiencia, non poucos, como o patriarca Xacob, confesan: “*Ti estabas neste lugar e eu non o sabía*” (Xén 28,16).

65. As confidencias e testemuños dos que peregrinan a Santiago conforman un vasto mosaico intercultural e ata interreligioso de expectativas, historias persoais e arelas. Algúns peregrinos sentiron unha chamada para un reencontro con eles mesmos, sedentos do silencio que non lles concede o ritmo frenético dos seus quefaceres. Conscientes do fastío que lles produce unha sociedade de consumo, ou unha vida acomodada e sen retos, viven o asombro de descubrir a natureza como creación de Deus. A peregrinación foi para eles un camiño de pedagogía espiritual. Talvez non chegan a poñer un nome ao Creador do sol que os alumaba en cada unha das súas xornadas, ou de quen fai caer a choiva, pero descubriron como unha revelación o que antes percibían con indiferenza, sentíndose afortunados, e, ademais, volvéndose agradecidos<sup>49</sup>. Recibiron un vaso de auga como un tesouro e unha palabra de ánimo ou unha

---

<sup>48</sup> FRANCISCO, *Mensaxe ao Presidente do Consello de Conferencias Episcopais Europeas*, Roma, 23 de setembro de 2019.

<sup>49</sup> P. RUBIO BARDÓN, *O camiño agostiño*, Edicións Paulinas, Madrid 1991, 126, 6: “*A fermosura do universo é como un gran libro. Contempla, examina, le o que hai arriba e abaixo. Non fixo Deus para que o coñeceses letras de molde, senón que puxo ante os teus ollos as criaturas. Para que buscas testemuño máis elocuente? O ceo e a terra estanche gritando: Somos feitura de Deus*”.

Indicación como un auténtico agasallo. A súa experiencia do camiño conduciunos a valorar o que nas súas vidas diarias lles parecía algo trivial e natural, coma se fose “debido”, e aprecian no contacto cos outros peregrinos a grandeza do aparentemente pequeno e insignificante. Convértense á súa vez en protagonistas para outros peregrinos de xestos e encontros onde redescubren a frescura da vida. Aquela anciá, aquel home, aquel lugar onde se atopou unha sombra ou unha pequena capela, aqueles peregrinos, aquela fonte, aquel silencio... As súas pupilas reciben, como por vez primeira, a pureza e singularidade coa que está revestida cada criatura<sup>50</sup>. Prestar atención á beleza e cultivala axúdanos a saír do pragmatismo utilitarista. Quen pode negar que en todas estas vivencias a Palabra pola que foron feitas todas as cousas, estaba mostrándose? O profeta Isaías percíbeo así: *“Deixeime consultar polos que non preguntaban, atopáronme os que non me buscaban; dixeron: “Aquí estou, aquí estou” a un pobo que non invocaba o meu nome”* (Is 65, 1).

66. O Camiño de Santiago é un camiño de transcendencia no que se descobre que cada lugar, cada persoa, encerra unha fondura sacramental inesperada. Os esforzos e sacrificios da peregrinación, as relacións fraternas entre os peregrinos e os que os acollen, provocan a lectura dun significado que enmudece a cultura pragmática e a realidade do inmediato na que vivimos.

67. Na nosa sociedade foi calando a idea de que, para poder empezar a pensar nos demais, antes hai que estar ben cun mesmo. Talvez sexa o contrario. Só quen vive a súa vida cara aos demais, pode lograr a paz consigo mesmo. O noso corazón empeza a pararse cando nos poñemos a pensar moito en nós mesmos. Recupera os seus latexos se nos entregamos no que facemos para os demais: *“se o gran de trigo non morre, queda infecundo, pero se morre, -é dicir, se morre ao seu propio ego- dá moito froito”* (Xn 12, 24).

68. O peregrino vai descubrindo que as súas buscas nacen e morren *no home vello*. En cambio, a medida que camiña, acolle unha promesa, e vai deixando de ser un mesmo para converterse de verdade *no home novo*. Deixa de ser unha mancha de pulsións, de razoamentos e de coñecementos que supostamente reconfortan e iluminan. *“En definitiva, trátase dunha superficialidade vaidosa: moito movemento na superficie da mente, pero non se move nin se conmove a profundidade do pensamento”*<sup>51</sup>. Se un quere atoparse de verdade a si mesmo, non

---

<sup>50</sup>MÁXIMO CONFESOR, *Centurias sobre o amor*, 93: *“O que non deixa afectar a súa mente polas aparencias externas, recibe en retorno a verdadeira gloria dos seres”*.

<sup>51</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 38.

debe ter medo a perderse, saíndo do seu eu: “o que perda a súa vida por min atoparaa” (Mt 10, 39-40). Deixou de buscarse no seu benestar, peregrina e arela o seu eu real, ese eu que aínda non coñece, descubriendo quen é Deus para el e cal é a misión á que o chama. En Xesucristo, seu Fillo, iráselle revelando.

69. Ditoso quen cre e camiña sen aínda ver! *“A sabedoría maniféstase aos que non esixen probas e revélase aos que non desconfían del”* (Sab 1, 2). O peregrino non debe deixarse lastrar polo seu pasado e debe confiar poñéndose en camiño cara a Cristo. Nel todas as promesas de Deus xa han ter, sen volta atrás, para todos o seu si definitivo (cf. 2 Cor 1, 19-20). A fe cristiá é a reacción decidida á promesa de Deus para todos. *“Cada cristián e cada comunidade discernirá cal é o camiño que Deus lle pide, pero todos somos invitados a aceptar esta chamada: saír da propia comodidade e atreverse a chegar a todas as periferias que necesitan a luz do Evanxeo”*<sup>52</sup>. Non esquezamos o que o Señor lle di a Pedro: *“Cando eras mozo ti mesmo te cinguías e ías onde querías; pero cando sexas vello, estenderás as mans, outro te cinguirá e levarate onde non queiras”* (Xn 21,18). A fe *“ve na medida en que camiña, en que se penetra no espazo aberto pola Palabra de Deus”*<sup>53</sup>. Quen queira ver, ten que arriscarse e prepararse para o encontro con Deus, aprendendo a nacer de novo (Cf. Xn 3, 3). Esa altura non está na cima da propia perfección espiritual, senón na chaira do servizo á realidade concreta dos demais, sobre todo dos pobres coas súas necesidades e reclamos.

70. A comunidade eclesial confróntanos con outras persoas, en definitiva, coa realidade concreta e pecadora da que participa quen quere un Deus só para el, que non vive na terra dos demais e que serve para algúns momentos ou para o confort espiritual. A fe da Igrexa é luz que Deus che dá para que a enfoquemos cara aos demais: *“a fe transforma toda a persoa, precisamente, porque se abre ao amor”*<sup>54</sup>. Sen ela, talvez buscaríamos *“un Deus sen Cristo, un Cristo sen Igrexa, unha Igrexa sen pobo”*<sup>55</sup>. Temos que camiñar orientados cara a Deus, non de costas cara a El para que non nos suceda o que di o profeta Xeremías: *“Pero non escoitaron nin fixeron caso. Ao contrario, camiñaron segundo as súas ideas, segundo a maldade do seu obstinado corazón. Déronme as costas e non a cara”* (Xer 7, 24). A Igrexa non camiña de costas.

---

<sup>52</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 20.

<sup>53</sup> FRANCISCO, *Lumen fidei*, 9.

<sup>54</sup> FRANCISCO, *Lumen fidei* 26

<sup>55</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 37.

Camiña cara a adiante porque escoita a Palabra; con *“un oído posto en Deus e outro no pobo”*<sup>56</sup>. Non vive da repetición dun pasado estéril, nin da espera pasiva de tempos mellores, nin se escuda no *“sempre se fixo así”*<sup>57</sup>. Camiña co sentir de san Paulo: *“esquecendo o que queda atrás, esfórzome polo que hai diante e corro cara á meta”* (Flp 3, 13).

71. En efecto, está en camiño porque Cristo vai por diante dela. É o seu futuro. Con todo, detrás de nós quedan os nosos atavismos individuais e institucionais. Cara adiante, está a nosa propia orixe e razón de ser: o costado aberto do que se entregou por todos, do que nace a Igrexa. Así corremos cara á perfección *“pois un pequeno paso, no medio de grandes límites humanos, pode ser máis agradable a Deus que a vida exteriormente correcta de quen transcorre os seus días sen enfrontar importantes dificultades”*<sup>58</sup>.

72. Nesta conciencia descubrimos que a interioridade é unha porta que se abre desde dentro, pero sempre cara a fóra<sup>59</sup>. Ser cristián é moito máis que ser “bo” na vida privada, familiar ou laboral. Poderemos ser servizais, dar xenerosamente do que temos e ata recibir os sacramentos, pero, se colaboramos, aínda que non sexa de forma consciente e deliberada, con quen se lucra coa inxustiza ou a perpetúa, individuos ou institucións, seriamos como as virxes necias (cf. Mt 25, 1-13). Pídesenos non ser cómplices, estar moi atentos e ter os ollos ben abertos. Seica o cristián pode ter paz espiritual mentres os seus próximos, Corpo de Cristo, están na cruz?

73. Unha actitude espiritual evasiva busca unha expansión íntima do corazón, pero ao que lle falta un próximo, e, xa que logo, a Igrexa. Cristo Resucitado non proporciona nunca un paraíso interior, senón que nos dá a Paz e móstranos as chagas da súa entrega por todos. Tampouco conduce ao automérito, que é a soberbia que mata a alma, poñéndonos a nós mesmos ou ao

---

<sup>56</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 54.

<sup>57</sup> *Ibid.*, 33. Cf. JULIÁN BARRIO BARRIO, *Alocución no Departamento de Cultura do Consello de Europa, en Estrasburgo, 27 de novembro de 2018*: *“Se queremos que “o cristián europeo contemporáneo” se achegue “ao hoxe eterno de Deus”, necesitamos unha paixón e un valor que sacuda con forza a nosa apatía”*.

<sup>58</sup> FRANCISCO, *Amoris Laetitia*, 44.

<sup>59</sup> J. BARRIO BARRIO, *Alocución...*: *“Nuns tempos nos que a publicidade insiste nas propias capacidades decisórias do ser humano, no dereito do individuo a mimarse, nas bondades do “euísmo” (enmascarando que isto non é máis que outra forma de dicir egoísmo), a vocación de Abrahán lémbra-nos que o ser humano só é verdadeiramente e cando o é cara ao outro, posto que a persoa só se realiza na relación. Deus mesmo, na medida en que a pobreza da noso linguaxe nos permita falar del, existe “cara a fóra”*.

propio grupo nun estrado, por encima da Igrexa<sup>60</sup>. A fe cristiá é allea ao dorismo que encomia calquera sacrificio polo feito de selo<sup>61</sup>. Hai un sacrificio que fai máis consistente a persoa, cando lle descobre a súa realidade e a fai estar máis atenta ás necesidades do seu próximo, pero hai outro que é vangloria. O sacrificio tamén pode ser un viveiro de egoísmo e resentimento, pero se a súa motivación é a caridade, supón o contacto máis puro coa realidade do outro. Cristián é quen vive dunha fe agradecida. Non só por saír grazas a ela da súa noite, senón tamén precisamente por ser abandonado nela, agradecendo todos os fíos que han ir conformando a súa vida, porque sabe que todo lle vén da man de Deus e está seguro de que Deus é o Pai bo que non quere máis que o noso ben, conduce a nosa vida polos seus camiños ata onde quere levala, e indícanos que a fe é deixarlle escoller a El, e non escoller nós os camiños polos que mantén a nosa vida en dirección cara a El.

74. *“Deus coida de vós”* (Mt 6, 5). Na oración podemos facer a experiencia desta verdade. Sen dúbida, necesitamos do acougo e do silencio para saber quen somos. Saír de nós require experiencia de silencio, ou máis ben, de silenciamento. Pero ese silencio non será mudo, nin impaciente esperando a próxima novidade<sup>62</sup>. A sabedoría fráguese no silencio. Nel a semente da Palabra vai xermolando en nós imperceptiblemente<sup>63</sup>. O silencio da oración será o obradoiro onde madurará. Por que senón Xesús ensinou a orar os seus urxíndoos, ante todo, a que non empreguen moitas palabras, como os xentís? (cf. Mt 6,7). Todo o contrario, cando a túa mente se silencie, Deus entón poderá

---

<sup>60</sup> BIEITO XVI, *Deus charitas est*, 14: *“Quen é capaz de axudar recoñece que, precisamente deste modo, tamén el é axudado; o poder axudar non é mérito seu nin motivo de orgullo”*.

<sup>61</sup> TOMÉ DE AQUINO, *Summa Theologicae* II-II, q. 30, a.4: *“El non necesita os nosos sacrificios, pero quere que llos ofrezamos pola nosa devoción e para a utilidade do próximo. Por iso, a misericordia, que socorre os defectos alleos, é o sacrificio que máis lle agrada, xa que causa máis de preto a utilidade do próximo”*. ALBERT VANHOYE, *Cristo e o home. Escritos de espiritualidade bíblica*, Mensaxeiro, Bilbao 2014, p. 81: *“En lugar de deternos no aspecto de privación e de dor sobre a idea corrente de sacrificio, deberíamos dirixir toda a nosa atención ao aspecto de transformación. Se o Señor nos pide un ofrecemento, non é para enriquecerse, senón para comunicarnos a súa santidad, para transformarnos e elevarnos no amor, co seu Espírito de Amor. Nun sacrificio cristián o máis importante non é o sufrimento, senón o lume divino do amor que triunfa sobre o sufrimento”*.

<sup>62</sup> J. BARRIO BARRIO, *Alocución.....*: *“A pesar do secularismo e do relativismo, a tecnoloxía e a electrónica, a mobilidade e as viaxes rápidas, a exploración do espazo e a velocidade da información, todo parece indicar que as persoas tratan de enraizarse no terreo firme e estable do sagrado. Canto máis rápido camiña a humanidade, maior é a necesidade de sentir alicerces sólidos”*.

<sup>63</sup> ORÍXENES, Homilía sobre o Éxodo VII: *“Se queres comer do maná, isto é, se queres recibir a Palabra de Deus, has de saber que é miúda e moi sutil, como o gran do coriandro”*.

falarche ao corazón<sup>64</sup>. E se de verdade queres que Deus te escoite, *“non fagas nada contrario á oración, para que Deus se achegue e camiñe ao teu lado”*<sup>65</sup>.

75. Tendemos a dar valor ás novidades que retumban ampliadas nos medios, aínda que moitas delas sexan fugaces. Cando non se producen, é fácil imaxinarse que non está sucedendo nada importante. Con todo, é no día a día silente e constante, o ámbito no que a vida vai xermolando. Tampouco a herba fai ruído mentres crece. O mesmo a caridade que fai nacer a vida. Ela obra sen alardes nin publicidade. *“Cando deas esmola, que non saiba a túa man esquerda o que fai a túa dereita”* (Mt 6, 3). Nesa caridade a Nai deu a luz ao que é a vida, Xesucristo. Ela non se mirou no espello da propia grandeza, senón no da do Señor, a quen enxalza no seu canto dicindo: *“os famentos éncheos de bens, e os ricos despídeos baleiros”* (Lc 1,53). Esta ten que ser para nós a caridade ardente da Igrexa da que estamos chamados a ser pedras vivas.

## 2.2. Constrúe: Fame e sede de xustiza, mensaxe dos pobres

76. As nosas sociedades chamadas desenvolvidas deben valorar a liberdade e a ledicia que se poden gozar con un estilo de vida austera. No noso pequeno occidente respírase unha mentalidade que rexeita instintivamente todo tipo de privación e desperdicia a oportunidade que esconde o non dispoñer inmediatamente das cousas. Por suposto, a miseria deshumaniza a persoas e a sociedades enteiras<sup>66</sup>. A nosa actitude, ás veces absorbida por un consumismo instantáneo, vese inmersa en niveis paralelos de benestar e de indiferenza, de bens de consumo e sen carga interior.

77. Xesús no Evanxeo proclama: *“Benaventurados os pobres porque voso é o Reino de Deus”* (Lc 6, 20). A esta bendición do Salvador só poden ter acceso os humildes. Por suposto, a miseria é inhumana, pero a opulencia é a couza do corazón e baleira a vida de sentido, xerando en non poucas ocasións a miseria para outras persoas. O Apóstolo Santiago foi chamado polo Señor, para seguilo polos camiños da súa mesma pobreza: *“As raposas teñen tobeiras e os paxaros niños, pero o Fillo do Home non ten onde reclinar a cabeza”* (Mt 8,20). De feito, ao discípulo do Señor a fame fíxolle arrincar espigas en sábado, baixo a mirada condenatoria dos fariseos (cf. Lc 6, 1-5).

---

<sup>64</sup> ROWAN WILLIAMS, *Ser cristián, Sígueme*, Salamanca 2018, 103.

<sup>65</sup> EVAGRIO MONXE, en *Filocalía dos padres do deserto* vol. I, 66.

<sup>66</sup> FRANCISCO, *Laudato si*, 149: *“A carencia extrema... facilita a aparición de comportamentos inhumanos e a manipulación de persoas por parte de organizacións criminais”*.

78. A fame e a sede experimentáanse de forma directa. Non poucos seres humanos pasan fame e loitan diariamente para esquivar a morte<sup>67</sup>. A quen nos tocou vivir en sociedades que poden contar con máis do necesario, facer a experiencia da fame e da sede pode chegar a ser unha oportunidade para un descubrimento máis fondo e real da nosa condición humana. A austeridade afina o oído interno para discernir mellor a vontade de Deus, á vez que dá a oportunidade de facer xustiza aos máis necesitados. A Igrexa preséntanos o xaxún coesmal como unha pedagogía para a mente e o corazón. As súas desviacións foron denunciadas polos profetas e polo propio Xesús. Talvez reducímolos a un costume que non nos axuda a ver o sentido que desvela a Escritura: *“Este é o xaxún que eu quero: soltar as cadeas inxustas, desatar as correas do xugo, librar os oprimidos, crebar todos os xugos, partir o teu pan co famento, hospedar os pobres sen teito, cubrir a quen ves espido e non desentenderte dos teus. Entón xurdirá a túa luz como a aurora, enseguida curaranse as túas feridas, diante túa marchará a xustiza, detrás de ti a gloria de Deus”* (Is 58, 6-8). *“Cando xaxuedes, non poñades cara triste, como os hipócritas que desfiguran os seus rostros para facer ver aos homes que xaxúan... Ti en cambio cando xaxúes, perfúmame a cabeza e lávate a cara para que o teu xaxún o note, non os homes, senón o teu Pai, que está no escondido; e o teu Pai que ve no escondido, recompensate”*. (Mt 6, 16-18).

79. Ao mirar ás nosas xeracións de maiores advertimos que a escaseza foi o aguillón da súa iniciativa. Cantos pais e nais alimentaron e educaron os seus fillos no medio da penuria material, grazas á súa creatividade e enxeño! Na súa infancia, a falta de medios fíxolles abundar en imaxinación para os seus xogos compartidos con outros nenos nas rúas e prazas. Tampouco é infrecuente que, nas nosas sociedades, non poucos, ao tocar fondo, desenvolvan a forza que os capacita para reflotar as súas vidas. Pode resultar estraño para unha cultura que idolatra o benestar, pero a necesidade pode chegar a ser mestra da vida.

---

<sup>67</sup> *“É certo que a pobreza é un mal en canto realidade social e global. É un mal que os bens da terra estean distribuídos de tal modo que unha minoría dispoña da maior parte dos recursos, mentres que grandes masas de poboación se ven obrigadas a procurarse unha incerta subsistencia día a día. Está claro que a pobreza como situación social non soamente non é desexable, senón que debe ser combatida constante e ousadamente. Pero precisamente por iso o desexo dunha Igrexa pobre é o desexo de que a Igrexa non sexa un factor máis que perpetúe a inxustiza, senón que se sitúe do lado daqueles para os que o evanxeo debe ser boa nova”*: A. NOVO CID-FUENTES, *A teoloxía no papa Francisco*, Revista Lumieira 82-83 (2018), páx. 26.



80. No noso hoxe, a fame e a sede saen tamén ao noso encontro. Deixan de ser sensacións creadas artificialmente pola sobre oferta de produtos<sup>68</sup>. Son unha linguaxe do corpo que encerra toda unha mensaxe para a nosa alma. A dureza do camiño axuda a descubrir matices da existencia, que estaban xa aí, agardando a atención debida. A peregrinación é unha oportunidade que pasa inadvertida no día a día pero que nos descobre as raíces do humano. Estas raíces, nun primeiro momento, resultan áridas e de sabor amargo pero evidencian no propio corpo a dependencia do ser humano e a súa vulnerabilidade, é dicir, a súa verdade. Esta experiencia axuda a poñervos no lugar de quen a necesidade é o seu “pan” diario. Revela, ademais, que a autosuficiencia é unha ficción creada polas chamadas sociedades desenvolvidas e que a abundancia de bens nubra a mente e endurece o corazón. Nesta experiencia percíbese, tamén, que unha mochila cargada de cousas non axuda a camiñar, e que o que o consumismo cualifica como *imprescindible*, é, en realidade, o engado para que caíamos na arañeira.

81. Para o peregrino que vai lixeiro de equipaxe, o corazón éncheselle de realismo e baléiraselle do superfluo. As raíces que saborea producen entón alimento: *“No deserto vólvese descubrir o valor do que é esencial para vivir, así, no mundo contemporáneo, son moitos os signos da sede de Deus, do sentido último da vida, a miúdo manifestados de forma implícita ou negativa. E no deserto necesítanse sobre todo de persoas de fe que, coa súa propia vida, indiquen o camiño cara á Terra prometida e desta forma manteñan viva a esperanza”*<sup>69</sup>.

82. Tanto o precursor do Salvador, Xoán Bautista, como o profeta Elías afrontaron con valentía ese deserto. Desta forma, o seu baleiramento dispuxo que a Palabra atopase un día espazo na liberdade. A Biblia descóbrenos que o deserto é moito máis que unha magnitude xeográfica. É tamén unha necesidade vital para a alma. Ademais, é o baleiro espido dun combate espiritual, como o viviron os Padres e Madres do deserto<sup>70</sup>, homes e mulleres

---

<sup>68</sup> *Ibid.*, 50: *Culpar ao aumento da poboación e non ao consumismo extremo e selectivo dalgúns é un modo de non afrontar os problemas.* Cf. XOÁN CASIANO, *Institucións cenobíticas*, Edicións Montecasino, Zamora 2000: *“Que ninguén coma ata saciarse. En efecto, non é só a calidade, senón tamén a cantidade dos alimentos o que cega a a vivacidade do corazón”*.

<sup>69</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 86.

<sup>70</sup> DOUGLAS BURTON – CHRISTE, *A palabra no deserto*, Siruela, Madrid 2007, 384: *“Os padres do deserto experimentaban as palabras como acontecementos. O excedente de significado da Escritura perduraba non en forma de comentarios e homilias, senón en actos e xestos, en vidas de santidad transformadas polo diálogo coa Escritura”*.

que poboaron os ermos de Exipto, Siria, Capadocia e Palestina buscando a unión co Absoluto. Para quen camiña por un deserto onde Deus pode falarlle ao corazón e atopalo, a peregrinación é o lugar do cuestionamento de hábitos e prexuizos, o silenciamento e a nudez da mente, para que se poida escoitar a Deus no corazón e facer a experiencia que fixo a Virxe María que nos trouxo a Vida. Recordamos as palabras do profeta Oseas: *“Lévoa ao deserto, fálolle ao corazón, entrégolle alí mesmo os seus viñedos e fago do val de Acor unha porta de esperanza”* (Os 2, 16-17).

83. O Camiño dá a oportunidade de advertir a verdadeira sede e a auténtica fame: *“fame e sede de xustiza”* (Mt 5, 6). O Resucitado interpélanos dicíndonos: *“O que teña sede, que veña a min e beba!”* (Xn 7,37). Por iso, se queremos cambiar este mundo ferido de inhumanidade, porque nos vemos estraños na terra do esquecemento de Deus e da inxustiza dos homes, temos que buscar a fonte que mana e corre aínda que é noite como escribía san Xoán da Cruz. A fonte é Cristo que nos dará a beber do seu Espírito para transformarnos e non apagar nosa sede de xustiza.

84. Todos os cristiáns, e a Igrexa como tal, estamos chamados a ser peregrinos. A mesma palabra *parroquia*, na súa etimoloxía *significa residencia no estranxeiro*. *Abrahán peregrinou na Terra prometida como en terra estraña, habitando en tendas*, o mesmo que todos os que son da súa descendencia, *confesándose estraños e forasteiros sobre a terra* (cf. Heb 11,9.13). É claro, que para quen é de verdade cristián, a realidade que vivimos está lonxe de ser o Reino de Deus realizado definitivamente en Xesús. Por iso, a Igrexa vive do Evanxeo e estimula a esperanza dun mundo distinto. Ese mundo novo está xa trazado coas cores reais das ensinanzas e da acción de Xesús, e do testemuño de incontables santos, confesores e mártires, tamén os dos nosos días. Por iso, a esperanza cristiá, é moito máis que unha simple espera. É o don de Deus que mobiliza e suscita a caridade para transformar desde a súa raíz esta sociedade e este mundo.

### 2.3. Confía: A esperanza probada do discípulo

85. *“Fai que resoe no alto a esperanza”*<sup>71</sup>, son as palabras orantes que Dante poñía en boca de Beatriz dirixidas ao apóstolo Santiago. *“Toda a miña*

---

<sup>71</sup> DANTE ALIGHIERI, *A Divina Comedia*, canto XXV: *“Daquela díxolle Beatriz rindo: Oh ínclita alma por quen se escribise a xenerosidade desta basílica, fai que resoe no alto a esperanza: podes pois tantas veces a mostraches, cantas Xesús vos preferiu aos tres”*.

*esperanza non estriba senón na túa moi gran misericordia. Dá o que mandas e manda o que queiras*<sup>72</sup>, escribiu santo Agostiño. “A esperanza non defrauda” (Rm 5, 5). “Diríxese a Deus na súa bondade, na súa xustiza, na súa misericordia como fin último ao que todo se ordena”<sup>73</sup>. Non vos deteñan, peregrinos, as dúbidas que poidan asaltarvos, porque “vivir da esperanza non suprime os problemas das nosas vidas [...] Nunca na nosa historia, tralo pecado orixinal, existiu un paraíso terreal”<sup>74</sup>. Quizá vos vexades moitas veces xulgados no voso ambiente de traballo, ou ata entre os vosos propios amigos e coñecidos por ser cristiáns, aínda que non sexa como nos países onde si hai persecución e os cristiáns chegan ao martirio. Algunhas das críticas responden a un intento honesto de dicirvos a verdade, pero outras, posiblemente non. Quereriades ter unha resposta inmediata para todos eses cuestionamentos que vos veñen de fóra, pero, no fondo, dádesvos conta de que *dar razón da fe* (1Pe 3,15) non é só ter argumentos claros que non contentan a quen non cre. Serían, en todo caso, argumentos que tapan a boca, pero non alcanzan as actitudes. Doutra banda, a Igrexa é santa, non pola nosa santidade particular ou a nosa coherencia evanxélica, senón porque nela Xesús, estanos santificando mediante a súa entrega e o seu perdón.

86. Outras veces, eses mesmos interrogantes ou outros similares nacen de vós mesmos. Non me refiro ao que chamamos ás veces “dúbidas de fe”, esas que non chegan ao corazón, que non pasan de ser preguntas ante as “verdades” que hai que crer, senón á tentación que alcanza de cheo o núcleo do voso compromiso cristián: Paga a pena? E se Deus non pide tanto? Para que preocuparme dos demais?<sup>75</sup>

87. Os momentos de proba ou tentación son a oportunidade para esfiañar a nosa autosuficiencia na fe e de fortalecela coa esperanza posta só en Deus. É unha ocasión para poñer os pés na terra e recoñecer que a fe é un continuo don seu, non un convencemento propio, e que se por un só instante nos soltásemos da súa man, perderíámonos no baleiro. O entusiasmo do novo

---

<sup>72</sup> SANTO AGOSTIÑO, *Confesiões*, BAC, Madrid 1955, Lib. X, cap. XXIX.

<sup>73</sup> G. L. MÜLLER, *Informe...*, 5. <sup>74</sup> *Ibid.*, 11.

<sup>75</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 133: “Como o profeta Xonás, sempre levamos latente a tentación de fuxir a un lugar seguro que pode ter moitos nomes: individualismo, espiritualismo, pechamento en pequenos mundos, dependencia, instalación, repetición de esquemas xa prefixados, dogmatismo, nostalxia, pesimismo, refuxio nas normas. Tal vez resistímonos a saír dun territorio que nos era coñecido e manexable”.

Apóstolo Santiago tivo que irse aquilatando pola pregunta que lle fai Xesús a el e ao seu irmán Xoán: *“Sodes capaces de beber o cáliz que eu beberei ou ser bautizados co bautismo que co que eu vou ser bautizado?”* (Mc 10,38), isto é, sodes capaces de seguirme ata o final? Sodes capaces de cargar a vosa cruz e seguirme? (Lc 14,27). A tentación déixanos ás portas da pregunta que Xesús nos fai. A resposta só a podemos dar nós. Aí está a dificultade, pero tamén a oportunidade de madurar a nosa fe. Cando sufrimos eses momentos de tentación tamén temos a oportunidade de dar coas nosas motivacións reais no noso compromiso cristián e así, discernilas. Por iso, examinádevos cada día diante de Deus, poñendo a maior atención posible sobre vós mesmos. Mergulládevos no voso corazón coa luz da Palabra para descubrir entre os teus barrancos as resistencias á súa vontade: *“Aínda que non me venza o amor do diñeiro, aínda que non me ate o coidado das posesións e das riquezas, con todo, estou desexoso de loanza e busco a gloria humana, dependendo das caras e das palabras dos homes, de que pensa aquel de min, de que estima me concede, de non desgustalo, de se lle agrado... mentres busco estas cousas, son o seu escravo. Eu querría actuar polo menos de tal modo que puidese ser libre”*<sup>76</sup>.

88. Seguimos as divinas ensinanzas do Salvador, pedíndolle: *“non nos deixes caer en tentación”*, é dicir, Pai, ti que nos coñeces, non nos leves á proba! Oramos así todos con confianza nel, ao presentarlle o sincero recoñecemento da nosa fragilidade e do poder da súa misericordia. Santo Agostiño escribiu: *“Confese, pois, o que sei de min, confese tamén o que de min ignoro, porque o que sei de min, seino porque ti me iluminas e o que de min ignoro non o saberei ata tanto que as miñas tebras se convertan en mediodía na túa presenza”*<sup>77</sup>. Porque sabemos que o que somos debémollos á fe, e non ás nosas obras. Como Abrahán, que creu e foille contado como xustiza (cf. Gál 3, 6). Experimentastes posiblemente que a proba e a tentación fixéronvos máis fortes en humildade e máis débiles na vosa presunción: *“Se antes non cumpriches moitos traballos, se non superaches moitas probas e tentacións, non merecerás recibir os preceptos da liberdade e escoitar do Señor: Eu son o Señor, o teu Deus, que che saquei da terra de Exipto, da casa da escravitude”*<sup>78</sup>.

89. *“Sen entrar nas tentacións é imposible adquirir a sabedoría do Espírito. O home que non é capaz dunha tentación grande, tampouco o é dun don grande. Como Deus aparta a ese home da grandeza da tentación, así reduce tamén a grandeza do don. Deus non concede xamais un gran don e unha tentación pequena.*

<sup>76</sup> ORÍXENES, *Homilía sobre o Éxodo*, XII.

<sup>77</sup> SANTO AGOSTIÑO, *Confesións*, Lib.10, cap. V.

<sup>78</sup> ORÍXENES, *Homilía sobre o Éxodo*, VIII.

*Ninguén pode gustar o ben senón o que primeiro foi probado pola tentación das cousas adversas*<sup>79</sup>.

90. En ocasións, brota de nós o mesmo grito daquel pai cara a Xesús, ante a enfermidade do seu fillo: *“Creo Señor, pero axuda a miña falta de fe!”* (Mc 9, 24). Quizais nos confunda: non é a fe seguridade? Como expresa ese grito a un tempo fe e incredulidade? Con todo, preguntámonos, non é esa talvez, a nosa mesma inquietude e seica a nosa perplexidade? Non nos pon na tentación as inxustizas das que somos testemuñas, a indiferenza da nosa sociedade, a morneza dos que nos chamamos *cristiáns*, ou o letargo das nosas comunidades eclesiais? Non nos fan dubidar, tamén, a falta de resposta inmediata de Deus ás nosas demandas e esixencias? Non habería que espertar a Xesús durmido sobre un cabezal na popa da barca, como fixeron os seus discípulos” (cf. Mc 4, 35-40). Protestamos talvez co profeta Habacuc: *“Os teus ollos, puros para contemplar o mal, non soportan ver a opresión. Por que, pois, ves os traidores e calas, cando o malvado se traga o xusto?”* (Hab 1,13).

91. Percorrendo o Evanxeo dámonos conta de que Deus non quere o mal que provocamos as persoas; Xesús combáteo, pero tamén o sofre. Ningún dos fillos de Deus padece inxustiza sen que lle alcance de cheo ao mesmo Cristo: *“O que fixestes a un destes os máis pequenos, comigo fixéstelo”* (Mt. 25). Se o que buscamos é unha explicación, Deus entón ofreceranos o seu silencio. O silencio infinito do seu Fillo crucificado. A súa entrega libre e a inxustiza que padeceu, enmudece calquera razoamento ou explicación do que debería ou non debería suceder. Se, ademais, buscamos cambiar as cousas, Deus ofrécenos entón a esperanza.

92. A esperanza cristiá nada ten que ver cun efémero sentimento optimista; moito menos coa confianza de que as cousas, por si mesmas, acabarán indo a mellor. Tampouco é simplemente esa espera paciente mentres pasa a tormenta. Esta disposición pode ser útil nalgunha ocasión, pero a esperanza cristiá non é iso. Nace da fe que recibimos, e, do mesmo xeito ca ela, apóiase en Xesús. A esperanza cristiá é esperanza nel. Se puxemos a nosa fe nel, descubriremos que o que ata agora imaxinabamos como un futuro utópico, é realidade nel, no agora de Deus. O que contemplamos crucificado vive agora

---

<sup>79</sup> ISAAC DE NÍNIVE, *O don da humildade*, 56. Cf. FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 29: *“Nalgún momento teremos que percibir de fronte a propia verdade, para deixala invadir polo Señor, e non sempre se logra isto se un non se ve ao borde do abismo da tentación máis angustiada... así encontramos as grandes motivacións que nos impulsan a vivir a fondo as propias tarefas”*.

volto cara a todos os que están -como estaba el-, na cruz. Se non fose así, a nosa esperanza non tería fundamento (cf. 1Cor 15, 14). *“Na raíz da perda da esperanza está o intento de facer prevalecer unha antroploxía sen Deus e sen Cristo”*<sup>80</sup>.

93. Por iso, ánimo! Temos a seguridade de que somos crentes mentres non deixemos de peregrinar; recibimos a esperanza cristiá mentres nos alcance a dor dos demais e non nos quedemos na indiferenza. A nosa fe está viva mentres soportamos en silencio o cuestionamento dos demais e a nosa impotencia para anulalo. Temos que botar a áncora da nosa pequena barca en Xesús que nos di como lle dixo a Paulo: *“Abóndache a miña graza. A forza realízase na debilidade”* (2 Cor 12,9). Ditosos se o noso peregrinar acrecenta a necesidade de apoiarnos en Deus! *“Alégrese o corazón dos que buscan o Señor”* (Sal 104, 3).

94. Esta necesidade aliméntase dun encontro que non farta, para que non deixemos de buscar e gozar de Deus: *“Quen non gustou algo ignora o que lle falta, di san Basilio o Grande. Pero quen o gustou, desexa moito. O que gustou a dozura dos primeiros mandamentos e sabe que levan aos poucos á imitación de Cristo, ten un gran desexo de asimilarse os demais. Albisca o máis oculto dos misterios de Deus encerrado nas divinas Escrituras, e ten unha enorme sede de comprendelo. E a un maior coñecemento espértase unha sede máis viva e ardente, coma se se tratase de beber unha chama. Pois o divino é incomprendible. Permanécese sempre na sede”*<sup>81</sup>.

95. Na medida en que a súa esperanza se debilita, a Igrexa corre o risco de caer no inmovilismo, cedendo á tentación de establecerse como institución meramente humana. En lugar de camiñar audazmente cara a adiante coa mirada posta na promesa de Deus, busca cara atrás o seu refuxio nas estruturas sociais e culturais do pasado. A esperanza que mobiliza dá á Igrexa a súa identidade e o seu programa.

#### 2.4. Testemuña: A caridade sabe ver

96. Ao longo do Camiño de Santiago, os peregrinos reciben a hospitalidade de institucións relixiosas e particulares, que vos ofrecen encontros para compartir as vivencias da vosa peregrinación. Sobre todo, momentos de oración e de celebración dos sacramentos nos que poden reavivar o espírito entrando en contacto con Deus e compartindo a súa fe. Tamén reciben a atención e o agarimo dos que se adiantan ás vosas necesidades. Son momentos

---

<sup>80</sup> XOÁN PAULO II, *Ecclesia in Europa*, 9.

<sup>81</sup> PEDRO DAMASCENO, *Segundo mandamento*, en *Filocalía dos padres do deserto*, vol. III.

nos que un pequeno detalle ten a enorme recompensa dun sentido agradecemento.

97. Nas Igrexas e nos albergues a celebración litúrxica non é un rito estraño á vida do peregrino, senón que se fai resposta á súa demanda de sentido, buscada, a miúdo, noutros ámbitos. Na liturxia, o Espírito transforma realmente ás persoas e, coa súa graza, fainas dispoñibles para acoller o momento da salvación. O cristianismo non é a relixión da transmutación de elementos químicos, senón das propias persoas.

98. Movido pola hospitalidade, tan valorada polos pobos do deserto, Abrahán levantouse desde a porta da súa tenda para acoller no máis caloroso do día as tres persoas que apareceron ante os seus ollos, prostrándose ante eles (cf. Xén 18, 1). Entre os seus descendentes manterase a lembranza de que a terra é propiedade de Iavé, polo que se saben hóspedes nela. O mesmo Señor dinos que quen hospeda un estranxeiro estao hospedando a El mesmo: *“fun forasteiro, e acolléstesme”* (cf. Mt 25, 31-46).

99. Marta e María, irmás de Lázaro, acolleron o Señor (cf. Lc 10, 38-42). O seu encontro con Xesús ponnos ante un desafío permanente. Marta estaba máis pendente nas cousas que hai que facer para a casa que atenta ao propio Xesús. Con todo, María - segundo lle di el mesmo - *“escolleu a parte mellor”*. Ela estaba escoitando a súa palabra sentada aos pés do Señor. Por suposto, hai que valorar o traballo de Marta! Do mesmo xeito que o de moitas mulleres que son a alma do fogar e da familia, sobre todo, cando teñen que compaxinalo coa súa vocación profesional. María elixira a mellor parte, ao dicir do Señor. É María quen non se desentende das necesidades do seu hóspede. Marta perpetúa o papel servil da muller mentres que María incorpórase ao grupo dos discípulos ao escoitar o Mestre. Estaba aos seus pés, signo de hospitalidade por antonomasia co que o anfitrión recibe ao recentemente chegado para lavarlles o po do camiño e unxilos con perfume. Non realizou esta tarefa Simón, o fariseo, cando invitou a comer a Xesús (cf. Lc 7, 36-8,3).

100. Todo isto estanos avisando de que hai un lugar privilexiado para a escoita da Palabra: *aos pés do Señor*, isto é, aos pés do seu Corpo, que son os últimos da nosa sociedade<sup>82</sup>. Por iso, a escoita perfecta da Palabra de Deus necesita dun templo máis amplo que as nosas Igrexas. Ese templo é tamén

---

<sup>82</sup> XOÁN PAULO II, *Novo millennio ineunte*, 49: *“Se verdadeiramente temos partido da contemplación de Cristo, temos que sabelo descubrir no rostro daqueles cos que el mesmo quixo identificarse”*.

maior que o interior do noso pequeno corazón. Para poder chegar ata as portas dese templo, “non construído por mans humanas” (cf. 2 Cor 5,1), necesitamos cruzar o adro da caridade. Se esta non está en nós, non poderemos permanecer á escoita da Palabra de Deus.

101. O Papa Francisco sinálanos con claridade os dous lados do “precipicio” no que podemos caer: “lamento que ás veces as ideoloxías nos leven a dous erros nocivos. Por unha banda, o dos cristiáns que separan estas esixencias do Evanxeo da súa relación persoal co Señor, da unión interior con el, da graza. Así convértese o cristianismo nunha especie de ONG. Aos grandes santos nin a oración nin o amor de Deus, nin a lectura do Evanxeo diminuíronlles a paixón ou eficacia da súa entrega ao próximo, senón todo o contrario. Tamén é nocivo e ideolóxico o erro dos que viven sospeitando do compromiso social dos demais, considerándoo como algo superficial, mundano, secularista, inmanentista, comunista, populista. Non podemos suscitar nos un ideal de santidad que ignore a inxustiza deste mundo”<sup>83</sup>.

102. Talvez preferiríamos contemplar o Señor unicamente na serenidade da oración, ou, pola contra, na acción social e visible en favor dos demais, pero estamos chamados a recoñecelo alí onde el se estea achegando a nós. Non só onde elixiríamos atopalo. Non será mellor que El libremente escolla no noso lugar? Se é na contemplación, que nos ache no celo da obediencia á súa vontade, e se é aos pés de Cristo, servindo os máis necesitados, que nos atope ferventes na caridade.

103. “A caridade sobrenatural é a unión íntima de Deus connosco: el vive en nós e nós somos os seus fillos”<sup>84</sup>. Só a caridade sabe ver. Alcanza a percibir a presenza real de Xesús nas biografías dos nosos próximos descartados<sup>85</sup>. Esta caridade non se reprega na emotividade; todo o contrario, sae ao paso e anticipase, crea a realidade que está aínda por vir, e activa a esperanza perdida dos últimos, porque vén de Xesucristo, o futuro definitivo de

---

<sup>83</sup> FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 100-101.

<sup>84</sup> G. L. MÜLLER, *Informe...*, 5.

<sup>85</sup> Cf. BIEITO XVI, *Deus caritas est*, 31: “O programa do cristián – o programa do bo Samaritano, o programa de Xesús – é un «corazón que ve». Este corazón ve onde se necesita amor e actúa en consecuencia”. ROWAN WILLIAMS, o.c., 69: “Xa sabemos que Xesús é alguén que practica a hospitalidade, pero agora aprendemos que a súa acollida fai que os demais sexan capaces de acoller. Celebrar a eucaristía non só nos lembra que somos convidados a ela e acollidos; tamén nos faie caer na conta de que se nos outorga a liberdade de invitar e acoller a outros. Temos experimentado a hospitalidade de Deus en Cristo, polo que as nosas vidas están preparadas para acoller aos demais”: p. 73



Deus para cada un deles. Esta caridade manifesta o seu Reino e a súa presenza no medio de nós<sup>86</sup>. Ela reconstrúe o que estruturas inhumanas e o pecado persoal destrúen: a dignidade e a alegría. Por iso, a persoa que vive a caridade, non se fai cómplice da inxustiza mirando a outra parte, nin observa de lonxe ou desde arriba os que sofren<sup>87</sup>. Detense ante quen sofre cando os demais dan un rodeo e pasan de longo; as súas entrañas conmóvense na defensa da dignidade humana e trata de que as feridas non as sufra só quen as ten. Pode haber algo que, simultaneamente nos achegue máis a Xesucristo á vez que aos *últimos*?

104. Na caridade, don de Deus, ten lugar o encontro persoal con Cristo. Ela celébrase na eucaristía como a súa motivación concreta e como a súa plenitude. Así que, cada vez que saímos do noso propio eu para ir ao encontro de quen nos está necesitado, cada vez que cargamos sobre as nosas costas o que está malferido no medio do camiño, cada vez que promovemos a xustiza e a verdade nesta sociedade, dalgún modo, estamos xa preparando o altar da Eucaristía. Nese próximo ferido está Deus, porque nel está o Señor crucificado, e no seu altar para a eucaristía ten cabida todo amor polo outro. Aí repártenos o seu propio amor Xesucristo, dándose a nós a través dos dons do pan e o viño, consagrados no lume da Caridade, que é o Espírito Santo, para que nós nos convertamos nun pan de vida para os demais<sup>88</sup>.

---

<sup>86</sup> PAULO VI, *Mysterium fidei*: "Tal presenza chámase real, non por exclusión, como se as outras non fosen reais, senón por antonomasia, porque é tamén corporal e substancial, pois por ela certamente faise presente Cristo, Deus e home, enteiro e íntegro".

<sup>87</sup> BIEITO XVI, *Deus charitas est*, 14 "A caridade non debe ser un medio en función do que hoxe se considera proselitismo. O amor é gratuito; non se practica para obter outros obxectivos. Este é un modo de servir que fai humilde ao que serve. Non adopta una posición de superioridade ante o outro, por miserable que sexa momentaneamente a súa situación (non a persoa!). Cristo ocupou o último posto no mundo – a cruz –, e precisamente con esta humildade radical redimiunos e axúdanos constantemente".

<sup>88</sup> SANTO AGOSTIÑO, *Sermón 272*: "En consecuencia, se vós sodes o corpo de Cristo e os seus membros, sobre a mesa do Señor está posto o misterio que vós mesmos sodes: recibides o misterio que sodes vós. A iso que sodes, respondedes Amén, e ao responder (así) rubricádelo. Escoltas, pois: Corpo de Cristo, e respondes: Amén. Sé membro do corpo de Cristo, para que o teu Amén responda á verdade. Por que precisamente acontece todo iso co pan? Non acheguemos razoamentos persoais ao respecto; escoitemos, unha vez máis, ao Apóstolo mesmo, quen, a propósito deste sacramento, di: *Un único pan: sendo moitos, somos un único corpo*. Compreendede e gozade: unidade, verdade, piedade, caridade. *Un único pan*: Quen é este único pan? *Sendo moitos somos un único corpo*. Traede á memoria que o pan non se fai dun só gran, senón de moitos. Cando se vos aplicaban os exorcismos, erades como moídos; cando fostes somerxidos na auga, como amasados; cando recibistes o lume do Espírito Santo, como cocidos. Sede o que vedes e recibide o que sodes. [...]De igual modo simbolizounos tamén a nós Cristo, o Señor; quixo que nós pertenceramos a el; na súa mesa consagrou o misterio de paz e de

105. Ás veces podemos esquecer que a celebración da eucaristía é inseparable da comunión entre nós. Non é un acto de devoción particular. O sacramento do altar é unha realidade comunitaria, que nos axuda a descubrir que o que poida chamarse solidariedade entre os homes xa ten un sentido eucarístico. Porque a Eucaristía non é só un sacramento a celebrar senón tamén a imitar. *“Comprendedes o que fixen convosco ... Tamén vós debedes lavarvos os pés uns a outros, porque vos dei exemplo para que fagades o mesmo que eu fixen convosco”* (Xn 13,13-17). Quen participa da entrega aos demais, participa da comunión con Xesús.

106. Ao celebrar a Eucaristía recibimos o corpo santísimo de Xesucristo, nacido de María, morto e resucitado por nós; pero comungamos tamén coa Igrexa, isto é, non só cos que celebramos o sacramento, senón ademais cos que Xesús declarou *benaventurados*. Non separemos os dous corpos, acollendo o un sen recibir o outro. A comunión con Cristo é, ao mesmo tempo, unión con todos os demais aos que el se entrega<sup>89</sup>. Comungamos o Santo na eucaristía, e coa nosa caridade estamos comungando co seu Corpo místico: *“Desexas honrar o corpo de Cristo? Non o despreces, pois, cando o contemples espido nos pobres, nin o honres aquí no templo, con lenzos de seda, se ao saír o abandonas no seu frío e nudez. Porque o mesmo que dixo: Isto é o meu corpo, e coa súa palabra levou á realidade o que dicía, afirmou tamén: Tiven fame, e non me destes para comer, e máis adiante: Sempre que deixastes de facelo a un destes pequenos, a min en persoa deixástesmo de facer. De que serviría adornar a mesa de Cristo con vasos de ouro se o mesmo Cristo morre de fame?”*<sup>90</sup>.

107. Ao final da xornada, ben a de cada día, ben na última que se nos conceda, cada un será semellante á caridade que viva. Todos, ao chegar ao noso final, estaremos libres da carga da posesión. Pero ese día existirán dous tipos diferentes de pobres: os que viviron só para si e os que mostrarán as

---

unidade de nós con el. O que recibe o misterio de unidade e non posúe o vínculo de paz, non recibe o misterio para proveito propio, senón un testemuño contra el”.

<sup>89</sup> BIEITO XVI, *Deus charitas est*, 14. Cf. CONCILIO VATICANO II, *Sacrosantum Concilium*, 48: *Aprendan [os cristiáns] a ofrecerse a si mesmos ao ofrecer a hostia inmaculada.*

<sup>90</sup> XOÁN CRISÓSTOMO, *Homilía sobre o evanxeo de san Mateo*, 50, 3-4: PG 58, 508-509.

chagas das súas mans baleiras<sup>91</sup>. A estes, Xesús *multiplicaralles a colleita da súa caridade ateigándoos de ledicia* (cf. 2 Cor 9,7), e diralles: *“Vinde, benditos de meu Pai, fun estranxeiro e acolléstesme”* (Mt 25, 35). Por iso, san Paulo asegúranos que agora subsisten estas tres, a fe, a esperanza e a caridade, pero a maior de todas, é a caridade... (1 Cor. 13,13). De modo que a caridade é o único que quedará cando todo o demais desapareza. *“A eucaristía chámase comunión, porque por ela comungamos nós con Cristo e recibimos a súa carne e a súa divindade, e por medio dela unímonos e comungamos uns con outros, xa que por participar dun mesmo pan somos todos un mesmo corpo de Cristo e un mesmo sangue e vimos ser membros os uns dos outros, posto que somos concorpóreos de Cristo”*<sup>92</sup>. Agora sabedes que, se vivides a mesma caridade de Xesús, *seredes chamados fillos do Altísimo* (Lc 6,35).

108. O sepulcro do Apóstolo atópase nun extremo do occidente europeo, non no seu centro estratéxico<sup>93</sup>. Isto sensibilízanos para lanzar unha chamada desde a cidade de Santiago para que Europa acolla, sen perder a súa identidade, os que veñen de todos os extremos da terra. Esta é a experiencia de encontro que fan os peregrinos na nosa Catedral. A diferenza, cando é vivida desde o mesmo Espírito, constitúenos nun só corpo.

109. O Reino dos ceos parécese a un rei que lle dixo ao seu criado: *“Sae de présa ás prazas e rúas da cidade e trae aquí os pobres, os eivados, os cegos e os coxos”* (Lc 14, 21). Nós somos os criados chamados a convocar, desde o banquete de vodas, isto é, desde a Eucaristía que celebramos, a todos aos que lles falta o pan da paz, do alimento, da xustiza, da dignidade, para que sexan acollidos na sala e tamén senten na mesa do seu Reino e coman connosco do Pan de vida. Ese día a eucaristía estará completa, porque todos estaremos sentados á mesa.

### 3. SANTIAGO ESPÉRATE

---

<sup>91</sup> Cf. BASILIO MAGNO, *Homilía 3 sobre a caridade*, 6: PG 31. *Deberías estar agradecido, contento e feliz polo honor que se che concedeu, ao non ser ti quen ha de importunar á porta dos demais, senón que son os demais os que acoden á túa. E en cambio retráeste e faste case inaccesible, refugas o encontro cos demais, para non verte obrigado a soltar una pequena dádiva. Só sabes dicir: “Non teño nada que dar, son pobre”. É verdade, es pobre e privado de todo ben: pobre en amor, pobre en humanidade, pobre en confianza en Deus, pobre en esperanza eterna.*

<sup>92</sup> XOÁN DAMASCENO, *De Fide Ort.* 4, 13: PG 94, 1154 A.

<sup>93</sup> J. BARRIO BARRIO: *“Santiago de Compostela non figura entre os centros financeiros do continente, nin entre os principais centros de toma de decisións políticas. O verdadeiro valor do Camiño de Santiago, xunto cos de Xerusalén e Roma, consiste en ser un camiño do espírito do ser humano, que se rebela a desaparecer baixo a asfixia do materialismo”.*

### 3.1. Unha porta estreita

110. Los peregrinos percibides cando vos internades en Galicia que está configurada xeograficamente por pequenas parroquias, a maioría, de ámbito rural. A Igrexa sabedes que congrega a centos de millóns de persoas de todo o mundo; é, xa a primeira vista, universal, pero, sobre todo, católica: déixase sentir en cada pequena aldea das nosas dioceses, sobre todo, cando os seus veciños se congregan no domingo para escoitar a Palabra e participar do Pan compartido. A Igrexa é católica porque vive a totalidade, non exclúe nada, por pequeno que pareza. De modo que, na vida de fe de cada pequena parroquia, resoa e faise presente a catolicidade, vivencia plena da salvación que é Xesucristo. A mesma Igrexa, alentada polo Espírito, brilla na súa catolicidade cando está convertida cara a todos os homes sen exclusión<sup>94</sup>.

111. A Igrexa Católica ademais faise peregrina coas demais Igrexas e comunidades eclesiais para que se faga efectiva a unidade de todos os cristiáns. O corpo de Cristo non pode estar dividido. Por iso, o ecumenismo é un deber sagrado para nós. Isto lévanos máis aló de manifestacións de boas intencións, precisando tamén de iniciativas concretas. Así, na nosa cidade de Santiago, comparten un mesmo espazo sagrado, unha pequena Igrexa, anglicanos, ortodoxos e protestantes, para que o mesmo Espírito, que nos fai cristiáns, nos axude a vivir a comunión entre nós peregrinando cara á unidade.

112. Cando finalmente chegades a Santiago, entrades na súa catedral pasando pola *Porta Santa*. Realizades un rito que simboliza o voso proceso de conversión, xa que destes as costas ao voso pecado e pasades a unha vida nova, recordando aquelas palabras de Xesús: *“Non vin a chamar os xustos, senón os pecadores a que se convertan”* (Lc 5, 32). Na vida ordinaria, cando atravesamos unha porta, entramos na intimidade dunha casa. Con todo, o fogar de Deus non é ningún cenáculo privado, senón o da humanidade enteira: *“A miña nai e os meus irmáns son os que escoitan a Palabra de Deus e a cumpren”*. (Lc 8, 19-21). Polo cal, facerse “familia” do Señor é unha posibilidade ofrecida a todos, pois todos podemos participar dela, se accedemos pola porta estreita da

---

<sup>94</sup> É ilustrativo o exemplo de Paulo VI, o primeiro Papa que estivo en Latinoamérica, ao pronunciar estas palabras aos campesiños de Colombia: *“Non viñemos para recibir as vosas filiais aclamacións, sempre gratas e conmovedoras, senón para honrar o Señor nas vosas persoas, para inclinarnos por tanto ante elas e para dicirvos que aquel amor, esixido tres veces por Cristo resucitado a Pedro, de quen somos o humilde e último sucesor, rendémolo a El en vós, en vós mesmos”*.

conversión cara a Deus e cara aos demais. Todos temos esa oportunidade porque foi Deus mesmo, coa súa encarnación, o que se fixo membro da familia humana, entrando así na intimidade dos homes e dando a vida por todos.

113. A Porta Santa fai referencia Cristo, que nos dixo: *“Con toda a verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas! Eu son a porta: quen entre por min salvarase e poderá entrar e saír, e atopará pastos”* (Xn 10, 7.9) e ten a súa realidade naquel que se fixo carne da nosa carne e naceu de María Virxe, a Primeira Discípula do Señor e Nai da Igrexa. El, *“sendo de condición divina, non retivo avidamente o ser igual a Deus, ao contrario desposuíuse de si mesmo, tomando a condición de escravo, feito semellante aos homes”* (Flp 2, 6-7), desde o seu nacemento ata a súa morte. A súa humanidade, semellante en todo á nosa, excepto no noso pecado que nos deshumaniza e divide, é o sacramento vivente do encontro con Deus e entre nós. Por iso, se enfocamos cara a el todas as nosas enerxías, estarémonos facendo por iso mesmo, máis humanos.

114. Verdadeiramente, non podía ser outro o acceso ao Ano Santo que celebramos. A casa de Santiago o Maior, espazosa para acoller a todos, debía ter a porta estreita da súa paulatina conversión ao Señor: *“Entrade pola porta estreita. Porque ancha é a porta e amplo o espazo que leva á perdición, e moitos entran por eles. Que estreita é a porta e que angosto o camiño que leva á vida! E poucos dan con eles”* (Mt 7, 13-14). O Apóstolo tivo que ir aprendendo que a súa intimidade co Señor, xunto con Pedro e Xoán, non implicaba unha vantaxe sobre os demais, senón máis ben a vontade divina que quere contar con todos os homes. Tivo que deixar atrás o ímpeto e triunfalismo do recentemente convertido -quería vingarse dos “impuros” samaritanos, polos que tamén estaba dando a vida o seu Mestre-, e admitir a súa pusilanimidade no horto de Xetsemaní: *“Velade e orade para non caer na tentación”* (Mt 26,40). Só cando en Pentecoste recibiu o Espírito do Resucitado, comezou a desprezar a súa vocación de ser pescador de homes, isto é, facendo partícipes a todos da vida do Salvador. Foi discípulo ata as últimas consecuencias, pasando pola porta estreita do martirio por decisión do rei Agripa I.

115. A casa de Santiago, esculpida coas mans da fe, testemuña o Evanxeo a todos os que se achegan a ela: accédese á catolicidade, á plenitude de Xesucristo, polo sacramento do concreto e real, *pola porta estreita*. Entrando pola porta do Evanxeo descubrimos que para Deus non hai ninguén prescindible, por pequeno que sexa aos ollos dos homes, e que a Igrexa é vocación de apertura a todos.

116. Quen peregrina é consciente de que non foi a súa iniciativa a

que o fixo entrar na nova vida, como tampouco o foi para Santiago, senón do propio Cristo, quen busca, chama e espera: *“Mira que estou chamando á porta. Se alguén oe a miña voz e abre a porta, entrarei na súa casa e cearei con el e el comigo”* (Ap 3, 20). El está á porta e chama. Non entrará senón lle abrimos, nin tampouco nos preguntará antes se para poder abrírlle somos dignos de que el entre na nosa casa, senón, se temos necesidade del. *“A eucaristía, aínda que é a plenitude da vida sacramental, non é un premio para os perfectos, senón un xeneroso remedio e un alimento para os débiles”*<sup>95</sup>. A Igrexa non é o grupo dos mellores, senón dos que están en camiño cara a Cristo, chamados por el. Ela non só é a que abre cando os pobres chaman á súa porta, tamén sabe que chega a Xesucristo a través da porta viva que son eles.

117. Para os que peregrinastes con espírito de penitencia e de conversión, cruzar a Porta Santa é unha renovación do voso bautismo. Como os antigos mariños, tirastes pola borda a carga do voso pecado para non naufragar entre as ondas. Deixastes atrás todo o que vos estorbaba, e asumistes un *“xugo suave e unha carga lixeira”*. Esa carga lixeira non é pesada, todo o contrario, dá forzas para avanzar, porque a vosa vida recibe con ela un sentido, e, xa que logo, unha dirección e un impulso. Nesa carga hai sempre un *para alguén concreto*: as vosas familias, os vosos compañeiros de traballo cos que vos gañades o pan e mellorades esta sociedade, mocidade e pícaros se sodes os seus catequistas ou educadores na fe, os estranxeiros aos que acolledes, tamén os enfermos e maiores aos que coidades. O levar esa carga é o que o Papa chama *“a santidade da porta do lado”*<sup>96</sup>. Comprobamos ao revitalizar o noso Bautismo que, en realidade, era o noso medo e o noso egoísmo o que nos sobrecargaba, e que agora, a carga lixeira do noso coidado polos demais, é a que nos axuda a camiñar e nos impulsa a facelo.

118. Agora dámonos conta de que o noso compromiso cristián consiste en saborear o cáliz da realidade; deixarse mergullar nela, no seu aparente paradoxo e sen sentido; consentir a morte do noso ego; asumir nas nosas entrañas a realidade cos seus rostros concretos, para logo rexurdir con eles, como o fixo Xesús por nós ao dar a súa vida e resucitar por todos: *“as súas feridas curáronnos”* (1 Pe 2, 25). Para isto mesmo fomos bautizados ou podeades bautizarvos. Como Santiago, podemos ser pescadores de homes segundo a vocación á que o Señor nos chama, sabendo que a nosa fe non estaba necesitada

---

<sup>95</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 47.

<sup>96</sup> Cf. FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 7.

de moitos razoamentos, senón de madeira, a madeira da cruz que nos pon na realidade, no contacto co humano. É posible que poidas dicir como santo Agostiño: *“Tarde te amei, fermosura tan antiga e tan nova, tarde te amei”*. E vede que ti estabas dentro de min, e eu fóra, e por fóra buscábate; e deforme como era, lanzábame sobre estas cousas fermosas que ti creaches. Ti estabas comigo, máis eu non o estaba contigo. Retíñanme lonxe de ti aquelas cousas que se non estivesen en ti, non serían. Chamaches e clamaches, e rompiches a miña xordeira; brillaches e resplandeciches, e puxeches en fuga a miña cegueira; exhalaches o teu perfume e respirei, e suspiro por ti; gustei de ti, e sinto fame e sede; tocáchesme e abraseime na túa paz”<sup>97</sup>.

### 3.2. Sandalias para unha esperanza

119. Para a Igrexa en *saída* que queremos ser, necesitamos unhas sandalias novas, as da esperanza. As que o pai da parábola mandou poñer ao fillo pródigo (Lc 15, 22). As sandalias novas para seguir a Cristo son as que recibimos ao ser reconciliados con Deus e co próximo. Isto require a purificación de todos os nosos dinamismos excluíntes persoais e eclesiais. Necesítase, ademais, do perdón de Deus sacramentalmente celebrado e compartido. O sacramento da Penitencia non reconcilia unicamente con Deus, senón tamén cos demais, corpo de Cristo, a quen o noso pecado fere. Desta forma, poderemos, unha vez reconciliados uns con outros, *presentar a nosa ofrenda ante o altar* (cf. Mt 5, 23-24), pois en lugar de estar sometidos aos nosos desexos, facémonos como Santiago, amigos do Señor, e escravos uns doutros por amor (cf. Gál 5, 13-15). Necesitamos celebralo, pois quedar a soas co propio mal é quedar completamente só, e necesítámolo tamén para recibir o si palpable e concreto do perdón de Deus; perdón que facilmente nos confeccionamos para nós mesmos e que, quizais, logo, negamos aos demais. A esperanza percórrese con sandalias novas. O viño novo de Xesús necesita de odres novos. A isto advertía Xesús anunciando o seu Reino e urxindo á conversión.

120. No noso renacer cristián dámonos conta de que a Igrexa, non pendente do seu prestixio nin do recoñecemento dos homes, segue a Cristo crucificado e a el e a Deus Pai quere darlle gloria. Por iso, as sandalias novas da Igrexa son as da esperanza, porque nos facilitan o camiñar, e “pisar” aclamacións ou rexeitamentos ao seguir a Xesús, sen desviarnos nin á esquerda nin á dereita da nosa misión do noso servizo aos homes. Son as que nos fan camiñar, con *poder de pisar serpes e escorpións* (cf. Lc 10, 19). A Igrexa é así libre,

---

<sup>97</sup> SANTO AGOSTIÑO, *Confesiões*, Lib. X, cap. XXVII.

para non caer no triunfalismo, pois sabe que o Reino só vén a nós a través da cruz, porque di o Señor: *“non vos alegredes de que os espíritos se vos sometan, senón de que os vosos nomes estean escritos nos ceos”*. Así tamén se ve inmune ao desalento, pois o Crucificado vive definitivamente volto cara a todos. Nin o aplauso lle fai esquecer a quen segue e a quen debe servir, nin o rexeitamento a aparta da súa adhesión ao Evanxeo e aos últimos. A Igrexa ten a cintura cinguida, vixía a súa propia liberdade, e non quere buscar refuxio en estruturas de influencia, para que non se corrompa o seu sal.

121. O Apóstolo Santiago xunto con Pedro e Xoán, foron testemuñas da transfiguración do Señor. Concedéuselles contemplar a humanidade luminosa de Xesús no alto do monte Tabor, non só para admirar a gloria do Mestre, senón, ademais, para ser testemuñas da humanidade futura transformada por el. Por un instante, viron o misterio de Xesús, non cos ollos da fe, como cando foron chamados xunto ao mar de Galilea, senón sen veos, e cara a cara, contemplándoo como o Fillo. Esta revelación deulles a forza de vivir o Evanxeo que pasa pola cruz. Recibiron a esperanza que agora intuímos ao achegarnos ao sepulcro do apóstolo Santiago.

122. O que no seu momento aconteceu no Tabor, fíxose definitivo e pleno na resurrección. Por iso a esperanza cristiá ten unha ancora firme. A cruz xa non é un sen sentido, nin tampouco un absurdo ante o que hai que resignarse pasivamente. É verdade que nela seguimos experimentando abandono e fracaso, pero, á vez, sabemos en esperanza que ela é o sinal da nosa fidelidade a Deus e aos homes. Así foi en Xesús. Se estamos na cruz por este motivo, e só por esta razón e non por outras, é porque os nosos pasos seguen os de Xesús.

123. A esperanza cristiá nace do realismo de Xesús crucificado e resucitado. Non é un optimismo, nin un produto de mercadotecnia. Permítenos ver, desde a oportunidade de Deus e non desde os nosos xuízos, o que hai que curar e plenificar no noso mundo e na nosa Igrexa. Remove as posibilidades do ser humano concreto e recoñece, onde a mirada que xulga non ve máis que un inmigrante, un drogadicto, un parado, unha prostituta, un sen teito, á humanidade desfigurada pola inxustiza<sup>98</sup>. A esperanza acerta a crear as gretas

---

<sup>98</sup> SIMONE WEIL, *Á espera de Deus*, Trotta, Madrid 1993, 93: *“A atención creadora consiste en prestar atención a algo que non existe. A humanidade non existe na carne anónima e inerte ao borde do camiño. O samaritano que se detén e mira, presta, con todo, atención a esa humanidade ausente e os actos que se suceden dan testemuño de que se trata dunha atención real”*.



necesarias nas mentes e na sociedade para que se mobilicen recursos persoais e comunitarios: *“Dádelles vós para comer”* (Mt 14, 16). Por iso, a consumación da esperanza é a caridade.

### 3.3. Novo Pentecoste

124. Na casa do Apóstolo Santiago, queridos peregrinos, presentades o tesouro da vosa conversión con bágoas portadoras de alegría e agradecemento. Convertéstedesvos en Evanxeo vivente, revivindo a liberdade dos fillos de Deus. *“Onde está o Espírito do Señor, aí está a liberdade”* (2 Cor 3, 17b). Cando saídes da Catedral, podedes ver na fachada sur unha inscrición inspirada no libro da Apocalipse: *“Eu son o alfa (α) e o omega (ω), o principio e o fin”*. Son palabras que pronuncia o Señor da historia, por quen, e para quen se realizou o milagre da creación que tedes ido admirando ao longo do camiño. En Xesucristo a biografía da humanidade enteira queda descifrada, e definitivamente iluminada pola súa morte e resurrección. Por iso esa inscrición en pedra expresa o que nos di o Evanxeo: *“Eu son a vosa razón de ser (α), e a vosa definitiva plenitude, (ω)”*, é dicir, *Eu son o camiño, a verdade e a vida*.

125. Na fachada da catedral, a inscrición que vedes esculpida segue a orde inversa. Sería un erro do canteiro que a tallou? A letra omega (ω), está antes, e a letra alfa (α), despois. Isto encerra, antes de despedirvos de Santiago, unha última mensaxe para todos. Concluístes a vosa peregrinación. Compartides e comentades entre vós unha mestura de sentimentos: a alegría de completar o voso desexo, e, á vez, certa pena por tela xa finalizado. Con san Paulo dicídes: *“combatín o nobre combate, acabei a carreira, conservei a fe”* (2 Tim 4, 7), e ao mesmo tempo, sentides con el a congoxa cando se despedía dos presbíteros en Éfeso (Feit 20, 17 ss), ao despedirvos igualmente vós dos que compartistes tantas experiencias. Talvez desexariades que a vosa peregrinación proseguise e non tivese un final, como Pedro, Santiago e Xoán no Tabor (cf. Lc 9, 33).

126. Recordade o que se nos comunica no libro da Apocalipse: *“Mirade, velaquí que eu fago novas todas as cousas”* (Ap 21,5). Preguntádesvos cal ou onde está esa novidade. Esa novidade revelóusevos: é Cristo Resucitado, pero tamén vós fostes renovados e renacidos pola vosa fe nel. Xa sabedes quen sodes e a que vos chama a voz que vos fixo saír da vosa terra.

127. Ao principio da miña carta dicíavos que a promesa de Abrahán sodes vós. Co patrocinio do Apóstolo chegastes á meta da vosa peregrinación, isto, é, ao encontro con Cristo. El é a vosa plenitude, e a da

creación enteira. Cristo capacitavos agora para a vida nova e para volver á vosa realidade por outro camiño. Non recibistes unhas sandalias novas? O Camiño comeza agora entón, logo de chegar a Santiago, como nun novo Pentecoste, cara a todas as direccións. Logo de seguir os pasos de Santiago, o Resucitado espérvos agora na vosa Galilea. Alí verédelo. O encontro con el ponnos sempre en camiño e empúxanos á misión: *“Ás veces sentimos a tentación de ser cristiáns mantendo unha prudente distancia das chagas do Señor. Pero Xesús quere que toquemos a miseria humana, que toquemos a carne sufrinte dos demais. Espera que renunciemos a buscar eses alpendres persoais ou comunitarios que nos permiten manternos a distancia do nó da tormenta humana, para que aceptemos de verdade entrar en contacto coa existencia concreta dos outros e coñezamos a forza da tenrura. Cando o facemos, a vida sempre se nos complica marabillosamente e vivimos a intensa experiencia de ser pobo, a experiencia de pertencer a un pobo”*<sup>99</sup>.

128. Ser cristián consiste nun continuo discernimento, e nunha procura común cos demais de fidelidade ao Espírito do Resucitado, vixiantes para poder entregarnos a través das fendas que nos permita a vida<sup>100</sup>. Trátase de suscitar a novidade do Evanxeo que é Xesús nas circunstancias concretas do voso camiñar diario. A alegría cristiá non é triunfalismo, inclúe a compunción polos propios pecados e a tenrura cara aos demais. O éxito humano, non garda relación coa misión e nada ten que ver con Xesús.

129. O lume do Espírito Santo capacitavos para que avivedes os remoles de amor que hai entre as persoas, resgardando o pabío vacilante, sen sufocar as sementes de verdade que están crecendo na vida das persoas. Axudaravos a recoñecer e facer voso canto de nobre e xusto xa hai nas vosas contornas. Así, facédesvos sal e dades ás persoas e ás súas arelas o seu pleno sabor. Así somos en *“Cristo como un sacramento ou signo e instrumento da unión íntima con Deus e con todo o xénero humano”*<sup>101</sup>.

Exhortación: “Sal na túa terra” (cf. Mt 5, 13 ss)

130. Aquí quero finalizar a miña carta para que vós a completedes e maticedes coas letras do voso exemplo. Rematada vosa peregrinación, facendo memoria de todo o que vivistes, recoñecedes a

---

<sup>99</sup> FRANCISCO, *Evangelii gaudium*, 270.

<sup>100</sup> MÁXIMO CONFESO *Centurias sobre a teoloxía e a economía do Fillo de Deus*, 2: “Pois por natureza, todo método espiritual cesa de practicarse cando o obxectivo se logrou ou se pensa que foi logrado”.

<sup>101</sup> CONCILIO VATICANO II, *Lumen Gentium*, 1.

Providencia de Deus. Ás veces, parece que o coidado de Deus por nós escápase sempre do instante presente. A memoria faise entón a ventá que asoma á súa Providencia. Advertides entón que, nos momentos da vosa peregrinación, os vosos pasos estaban sendo acompañados non só polos dos vosos compañeiros peregrinos, senón do que se fixo peregrino por todos, Xesús. Podedes dicir entón da vosa propia vida: *“é a túa Providencia, Pai, quen a pilota, porque ata no mar abriches camiño e unha senda segura entre as ondas, amosando así que podes salvar de todo perigo, para que se embarque aínda o inexperto”* (Sab. 14,3-4).

131. Descubristes que a cidade de Santiago son máis que fermosas pedras, que é un lugar de persoas afables e hospitalarias, que a catedral é máis que unha fachada ou un pórtico, que son pedras vivas edificadas con cada un dos peregrinos que chegan, cos seus sonhos, os seus sufrimentos e os seus agradecementos. Isto é así porque o camiño, a cidade e a catedral teñen un rostro humano, mirando a Santiago Apóstolo. El tróuxovos ata a súa tumba para que coñezades o modelo de humanidade perfecta. El acompañarvos nos camiños da vosa vida, no país, na cidade ou na vila onde vivades. Convertédevos en providencia de Deus para os demais! Como se non, poderá experimentar a proximidade de Deus e a axuda concreta que vós agora agradecedes, quen o necesita? Recoñecedo na chamada dos vosos irmáns a voz da Providencia que vos dá a oportunidade de facervos próximos para eles.

132. Como o Apóstolo Santiago, recolleredes da vosa peregrinación, grazas á chamada de Xesús, unha grande abundancia de peixes, unha pesca milagrosa, isto é, Vida, porque cando saístes da vosa terra e vos embarcastes nesta aventura, confiados, botastes as redes no seu nome. *“Que a misericordia e a paz, de parte de Deus todopoderoso e de Xesucristo, o noso salvador, vos sexan dadas con toda plenitude”*<sup>102</sup>.

Saúdavos con afecto e bendícevos no Señor na festa da Translación do Apóstolo, 30 de decembro de 2019.

---

<sup>102</sup> Comezo da Carta de san Policarpo aos Filipenses.